

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### UNIVERSIDADE DE VIGO

*RESOLUCIÓN do 22 de maio de 2026 pola que se convoca un proceso selectivo de acceso libre e de promoción interna, polo sistema de concurso-oposición, para o ingreso en diferentes escalas e subescalas de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.*

De conformidade co disposto na Resolución do 20 de decembro de 2023 (DOG do 28 de decembro) pola que se aproba a oferta de emprego público (OEP) do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo (PTXAS) para o ano 2023, e na Resolución do 20 de decembro de 2024 (DOG do 27 de decembro) pola que se aproba a oferta de emprego público (OEP) do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo para o ano 2024, e co fin de atender as necesidades existentes, de conformidade coas competencias atribuídas no artigo 3.2 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), en relación co seu artigo 91.1, así como nos estatutos da Universidade de Vigo, este reitorado acorda convocar as probas selectivas para o ingreso como persoal funcionario de carreira con suxeición ás seguintes bases:

#### 1. Normas xerais.

1.1. Convócase o proceso selectivo, polo sistema de concurso-oposición, para cubrir as prazas de persoal funcionario de carreira da Universidade de Vigo que se indican no anexo I, no cal se detalla o número de prazas reservadas á quenda de promoción interna e de acceso libre, e dentro desta as prazas reservadas para seren cubertas con persoas que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

De non se cubriren as prazas reservadas á promoción interna ou as reservadas a persoas con discapacidade, acumularanse ás ofrecidas por acceso libre.

1.2. O sistema de selección será o de concurso-oposición, que se desenvolverá conforme o disposto na base sexta e no anexo II. A fase de oposición versará sobre os temarios publicados como anexo III.

1.3. Notificacións. De conformidade co establecido no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, toda a información relativa ao proceso selectivo que se lles deba notificar ás persoas participantes e interesadas publicarase no taboleiro electrónico de anuncios da Universidade de Vigo: <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>. Con carácter unicamente informa-



tivo tamén se publicará na seguinte páxina web: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/tipo/convocatorias-pas>

1.4. Para información e consultas, as persoas interesadas poden dirixirse por correo electrónico ([consultapas@uvigo.gal](mailto:consultapas@uvigo.gal)) ou por teléfono (986 81 37 62), onde deben identificarse e indicar o código e a subescala da praza.

1.5. Con carácter previo á valoración dos méritos, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar o coñecemento do castelán mediante a realización dunha proba, en que se comprobará que posúen o nivel adecuado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua exixido para a obtención do diploma de español como lingua estranxeira nivel B2, establecido no Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, actualmente vixente. Cualificarase como apto ou non apto e será necesario obter a valoración de apto para poder realizar os exercicios da fase de oposición.

Estará exento da realización desta proba quen presente coa solicitude copia do diploma antes indicado ou do certificado de aptitude español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas ou título de licenciado en Filoloxía Hispánica ou Románica ou outros títulos homologados, así como os aspirantes de nacionalidade distinta á española en cuxos países sexa o castelán a lingua oficial ou cooficial, ou que obtivesen en España un título universitario. Así mesmo, estará eximido de realizala quen acredite ter superado un proba equivalente nos últimos cinco anos, e formar parte dun proceso selectivo convocado por unha Administración pública.

1.6. A este proceso selectivo seralle aplicable a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario; o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre o Estatuto básico do empregado público; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP); os estatutos da Universidade de Vigo e as disposicións da presente convocatoria.

## 2. Requisitos das persoas aspirantes.

2.1. Para seren admitidas ao proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como funcionarias de carreira, os seguintes requisitos:



a) Ter nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea. Tamén poderán participar:

1º. Os cónxuxes de españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, nas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que sexan dependentes.

2º. As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

As persoas aspirantes non residentes en España incluídas no punto 1º, así como as persoas estranxeiras incluídas no punto 2º, deberán achegar coa súa solicitude a documentación que acredite as condicións que se alegan.

b) Idade: ter feitos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión da titulación exixida en función do subgrupo da praza á que se concorra (indicado no anexo I) ou cumprir os requisitos para a súa obtención antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e dispor do xustificante de ter aboado as taxas para a súa expedición.

– Subgrupo A1: título de grao, licenciatura, arquitectura ou enxeñaría. Na praza 26-1Rlabo requírese ademais o máster en prevención de riscos laborais, especialidade de seguridade no traballo.

– Subgrupo A2: título de grao, diplomatura, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

– Subgrupo C1: título de bacharel ou técnico, así mesmo, estarase ao disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño (BOE do 17 de xuño), pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharel regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

– Subgrupo C2: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente homologación ou equivalencia. Os títulos de doutora-



mento ou de máster non constitúen por si mesmos títulos que habiliten para o acceso ao emprego público. En ningún caso se considerarán como titulacións equivalentes ao título de grao as correspondencias ao nivel MECES dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores ao Espazo Europeo de Educación Superior reguladas polo Real decreto 889/2022, do 18 de outubro, de acordo co establecido na súa disposición adicional cuarta, nin estar en posesión dun título de máster e unha diplomatura, enxeñaría técnica o arquitectura técnica.

d) **Taxas:** aboar as taxas de participación, consonte o establecido na base 3.6.

e) **Capacidade:** posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) **Habilitación:** non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública nin dos organismos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para desempeñar empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

g) Non pertencer como persoal funcionario de carreira á mesma escala e subescala a que se presente.

2.2. As persoas aspirantes que concorran pola quenda de promoción interna deberán, ademais:

a) Ter a condición de PTXAS funcionario de carreira encadrado na mesma subescala e subgrupo de titulación inmediatamente inferior ao da praza a que se opte, ou grupo en caso de que non teña subgrupo.

b) Acreditar dous anos de servizos prestados como PTXAS funcionario de carreira no grupo ou subgrupo de titulación desde o que se promocióne; para estes efectos, a quen adquirise esta condición ao abeiro do acordo de funcionarización da Universidade de Vigo computaráselle o tempo de servizos como persoal laboral fixo na categoría considerada equivalente no acordo e desde a que se funcionarizaron.

c) Estar a prestar servizos na Universidade de Vigo con carácter definitivo, en adscrición provisional ou noutra situación con dereito á reserva de praza.



2.3. Para poder participar pola cota de prazas reservadas a persoas con discapacidade, deberase ter recoñecida tal condición nun grao igual ou superior ao 33 %. Co fin de garantir a súa participación en condicións de igualdade, con independencia de se optaran ou non por participar por esta cota, poderán instar na solicitude de participación as adaptacións de tempo e/ou medios que consideren necesarias para realizar a fase de oposición e o seu motivo; para que poidan ser aceptadas, deberán acreditarlas na forma e nos medios establecidos na base 3.4.d).

### 3. Solicitudes.

3.1. O prazo para presentar solicitudes será de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

3.2. A presentación de solicitudes realizarase exclusivamente a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, procedemento SPAS-Convocatoria ingreso 1/2026, dispoñible na sede, epígrafe: procedementos e trámites da sección PAS/PDI, no cal se disporá de información para realizar a inscrición.

Deberán presentarse tantas solicitudes como prazas ás que se opte, e deben xuntar a cada unha a documentación acreditativa exigida de acordo coas instrucións que se indican no punto 3.4.

Unha vez cuberto o formulario de solicitude e anexada a documentación preceptiva, deberá comprobarse a exactitude dos datos e dos documentos achegados e premer na opción de enviar. A continuación poderá descargarse o xustificante de rexistro da solicitude. Ata este momento non se considerará que a solicitude estea presentada validamente. Non se admitirán solicitudes presentadas por vías diferentes á fixada nestas bases.

No caso de que se produza algunha incidencia técnica durante o proceso de inscrición, deberán dirixirse ao teléfono 986 81 36 00.

3.3. De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas estranxeiras extracomunitarias poderán usar medios de identificación electrónicos alternativos, para o cal deben iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a [estranxeiros@uvigo.gal](mailto:estranxeiros@uvigo.gal), cunha antelación mínima de tres días hábiles ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.4. Xunto coa solicitude, as persoas aspirantes deberán acreditar as seguintes circunstancias nos arquivos en formato PDF, que se deben titular como se indica:

a) Acreditación da identidade e da idade: nun único arquivo denominado Identidade.



b) Acreditación da titulación: nun único arquivo denominado Titulación.

c) Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % nun único arquivo denominado Discapacidade.

Non será preciso acreditar documentalmente os aspectos enumerados nas letras a), b) e c) se a persoa interesada non manifesta no formulario de participación a súa oposición a que a universidade os comprobe a través da plataforma de intermediación de datos das administracións públicas. No caso de que non sexa posible tal verificación, poderá requirír-selle que achegue a documentación acreditativa en calquera momento.

d) Informe do órgano público competente: nun único arquivo denominado Informe técnico, suficientemente explicativo para que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas para a realización da fase de oposición.

e) Acreditación do pagamento da taxa ou da circunstancia alegada para a exención ou redución nun único arquivo denominado Taxas.

f) Acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega nun único arquivo denominado Galego, nos termos establecidos na base 6.8.

g) Acreditación do diploma de español de nivel B2 (intermedio) ou superior nun único arquivo denominado Castelán, so para quen estea no suposto e nos termos expresados na base 1.5; de non ser así, seralles de aplicación o previsto na devandita base.

h) Acreditación dos méritos nun arquivo denominado Méritos01; se o tamaño da documentación o requirise, poderase achegar un arquivo adicional denominado Méritos02.

A experiencia na Universidade de Vigo certificarase de oficio, a prestada noutras administracións será certificada polo órgano correspondente e detallará o posto, as funcións e a duración.

A formación xustificarse mediante copia do título, diploma ou certificación correspondente en que consten todos os elementos necesarios para a valoración ou susceptibles dela.

i) Un índice detallado dos méritos alegados nun único arquivo denominado Índice.

A falta da acreditación das letras a), b), c) e e) constituirá causa de exclusión do proceso.



3.5. Dentro de cada escala e subescala non se poderá presentar máis dunha solicitude, nin solicitar simultaneamente a participación nas probas selectivas en máis dunha quenda de acceso (promoción interna, acceso libre ou cota reservada a persoas con discapacidade). De presentarse máis dunha, tomarase en consideración para todos os efectos unicamente a presentada en último lugar coa documentación que con ela se achegase, eliminando a/as solicitude/s e a documentación que se tivese/n presentado antes dela.

3.6. A taxa por dereitos de participación se ingresará na conta da Universidade de Vigo con código IBAN ES14 2080 0501 1231 1000 0112; no concepto figurará o NIF ou NIE da persoa solicitante. O ingreso poderá efectuarse en calquera oficina de Abanca ou mediante transferencia bancaria á citada conta. No xustificante de ingreso deberá constar o importe, a data da operación, o NIF ou NIE da persoa aspirante e os datos completos da praza: código, escala e subescala. De presentarse a máis dunha praza deberá facerse o pagamento de forma separada para cada unha delas. Os importes son:

- Subgrupo A1: 43,30 euros.
- Subgrupo A2: 37,27 euros.
- Subgrupo C1: 32,48 euros.
- Subgrupo C2: 26,46 euros.

3.7. Estarán exentas do pagamento desta taxa:

- a) As persoas que concorran pola quenda de promoción interna.
- b) As persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %, acreditada segundo o indicado no punto 3.4.c).
- c) As persoas desempregadas que figuren inscritas como demandantes de emprego desde, polo menos, os tres meses inmediatamente anteriores á data de publicación desta convocatoria e non perciban prestación ou subsidio por desemprego na data de presentación da solicitude de participación, acreditándoo mediante certificación expedida pola oficina de emprego relativa a ambas as circunstancias.
- d) As persoas integrantes de familia numerosa de categoría especial, acreditándoo mediante o correspondente título expedido dentro do ano anterior á data de publicación no DOG da convocatoria.



e) As persoas que obtiveran o recoñecemento como vítimas por actos de terrorismo, os seus e as súas cónxuxes ou parellas de feito e os seus e as súas fillos/as.

f) As vítimas de violencia de xénero ás que fai referencia a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e os seus fillos ou fillas.

3.8. Terán dereito a unha bonificación do 50 % da taxa de participación as familias numerosas de categoría xeral, debendo acreditarlo na forma establecida na base 3.7.d).

3.9. O pagamento da taxa ou a xustificación dalgunha das causas de exención ou bonificación da mesma deberá facerse unicamente dentro do prazo de presentación de solicitudes, noutro caso determinará a exclusión da persoa aspirante. Unicamente se poderá emendar o pagamento incompleto ou a falta de acreditación da exención ou bonificación e exclusivamente dentro do prazo establecido na base 4.2.

3.10. En ningún caso, o pagamento da taxa ou a xustificación da concorrencia dalgunha das causas de exención total ou bonificación suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso selectivo.

3.11. Non procederá a devolución das taxas de participación nos supostos de excusión das probas selectivas por causa imputable á persoa interesada, nin en caso de non asistir a elas.

3.12. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes e unicamente poderán demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 4.2; transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza.

3.13. En calquera momento, a Universidade poderá requirir das persoas aspirantes os orixinais da documentación presentada ou documentos complementarios e/ou aclaratorios.

#### 4. Admisión de aspirantes.

4.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Reitorado anunciará no DOG a publicación nos lugares indicados na base 1.3, da resolución pola que se aprobe a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, indicando as causas que motivasen a exclusión ou a omisión.



4.2. As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución no DOG para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivara a exclusión ou a omisión, para o que deberán utilizar o procedemento dispoñible na sede electrónica: <https://sede.uvigo.gal/public/catalog/catalog-index.xhtml>, denominado SPAS-Reclamación convocatorias PTXAS, e deben indicar o código e a subescala da praza.

4.3. A estimación ou a desestimación das peticións de emenda ou corrección enténdese implícita na resolución reitoral que aprobe a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados na base 1.3.

4.4. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non implicará recoñecerlles ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos, de modo que a constatación de que non os posúen producirá o decaemento de todos os dereitos que se poidan derivar da súa participación.

## 5. Tribunal.

5.1. A composición do tribunal cualificador publicarase xunto coa relación provisional indicada na base 4.1 e terá a categoría que se indique de acordo co Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño). Deberá actuar de acordo co disposto na Lei 39/2015 (LPACAP) e na Lei 40/2015 (LRXSP).

5.2. As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Xerencia da Universidade, cando concorran nelas as circunstancias previstas no artigo 23 da LRJSP, cando realizen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, ou de colaborar durante ese período con centros de preparación de opositores, de acordo co artigo 59.2 da LEPG.

A presidencia solicitaralles ás restantes persoas integrantes do tribunal, así como ás persoas que actúen como persoal asesor especialista, unha declaración escrita expresa de non estar en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior. As persoas aspirantes poderán rexeitar aos e ás integrantes do tribunal cando concorran neles/as algunha das circunstancias sinaladas no parágrafo primeiro, conforme o establecido no artigo 24 da LRXSP.



5.3. O Reitorado publicará nos lugares indicados na base 1.3 a resolución pola que se nomeen os novos integrantes do tribunal, que substituirán a quen perdesa a súa condición.

5.4. Despois da convocatoria da presidencia, constituirase o tribunal coa asistencia, presencial ou a distancia, de esta e da secretaría ou, de ser o caso, de quen os/as substitúa e a metade polo menos dos seus membros titulares ou suplentes.

5.5. Corresponderá ao tribunal a consideración, a verificación e a apreciación das incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento dos exercicios, e adoptar as decisións que considere pertinentes.

5.6. Actuará de acordo co principio de transparencia. Nas actas das súas reunións e dos exercicios realizados deberá deixar constancia dos asuntos relevantes e de todo acordo que afecte á determinación das cualificacións outorgadas.

5.7. O tribunal poderá propoñerlle ao Reitorado a designación de asesores/as especialistas, que se limitarán a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas e que deberán posuír titulación de igual ou superior nivel á exixida en cada praza. A súa designación publicárase na páxina electrónica indicada na base 1.3 e seralle de aplicación o antes indicado en materia de abstención e recusación. Así mesmo, cando o número de aspirantes o faga conveniente, poderá solicitarlle á Xerencia a designación de persoal colaborador.

5.8. Na realización dos exercicios, o tribunal adoptará as medidas necesarias para que as persoas aspirantes con discapacidade gocen de condicións similares ás do resto, establecendo as adaptacións posibles en tempo e medios a prol das persoas con discapacidade que o solicitasen na forma prevista na base 2.3.

5.9. O tribunal garantirá que os exercicios escritos que non deban ser lidos ante o tribunal sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade do/da autor/a e excluírá a quen consigne nas follas de exame marcas ou signos que as singularicen.

5.10. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tiver coñecemento de que algunha persoa aspirante non cumpre calquera dos requisitos exixidos na presente convocatoria, tras a audiencia da persoa interesada, deberá propoñer a súa exclusión ao órgano convocante.

5.11. Para os efectos de comunicacións, o tribunal terá a súa sede no Edificio Exeria, podendo dirixirse polas canles sinaladas na base 1.4.



## 6. Desenvolvemento.

6.1. A orde de actuación das persoas aspirantes no proceso de selección empezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra M, de conformidade coa Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 22 de xaneiro de 2026 (DOG do 26 de xaneiro).

6.2. A resolución final deste proceso selectivo ditarase antes do 23 de decembro de 2026.

6.3. O primeiro exercicio realizarase a partir do 1 de setembro de 2026: o lugar, a data e a hora publicarase nos lugares previstos na base 1.3 cun mes de antelación, onde tamén se publicará o anuncio dos sucesivos exercicios, neste caso cunha antelación mínima de dous días.

6.4. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamado, no que deberán acreditar a súa identidade, e serán excluídas do proceso selectivo as que non comparezan. Deberán obedecer as instrucións do tribunal e, de ser o caso, do persoal colaborador; en caso contrario, poderáselles impedir a continuación do proceso. O mesmo se aplicará a quen utilice dispositivos, materiais ou recursos de calquera tipo. Contra este acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible, de acordo coas normas xerais.

6.5. As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización do exercicio polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación ou, eventualmente, nos primeiros días do puerperio, poderán comunicalo ao tribunal por escrito xunto cun informe médico oficial. Esta comunicación deberá realizarse dentro dos cinco días seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para que a administración acceda aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará se procede realizar a proba nun lugar alternativo e/ou aprazala, tendo en conta, ademais do alegado, os dereitos das demais persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables e ás necesidades e aos intereses da Universidade. Contra este acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible, de acordo coas normas xerais.

6.6. No caso de que o tribunal acorde criterios de avaliación en desenvolvemento dos establecidos nesta convocatoria, publicaraos na páxina electrónica indicada na base 1.3.



6.7. Tras cada exercicio, as persoas aspirantes poderán levar os cuestionarios e nas probas tipo test, o tribunal publicará as respostas correctas na páxina web indicada na base 1.3.

6.8. Estará exenta de realizar o exercicio de coñecemento de lingua galega quen tivera acreditado estar en posesión do nivel de Celga que corresponda a cada praza, tendo en conta que se require Celga 4 para prazas dos subgrupos A1 e A2, e Celga 3 para o resto.

A documentación acreditativa será emitida polo órgano competente consonte coa Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG do 30 de xullo), pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega e deberá achegarse dentro do prazo de presentación de solicitudes establecido na base 3.1; quen non o faga, deberá realizar a proba de coñecementos (anexo II) e figurará nunha listaxe que se publicará coa relación provisional de persoas admitidas e excluídas, podendo exercer o dereito de emenda no prazo previsto na base 4.2.

6.9. Os méritos valoraranse por referencia á data de publicación da convocatoria no DOG e non se valorarán os que non se presenten suficientemente acreditados nin os presentados fóra do prazo de presentación de solicitudes. Os servizos prestados na Universidade de Vigo certificaranse de oficio, os prestados noutras administracións acreditaranse mediante certificado do órgano correspondente detallando a denominación e as características do posto (escala, subgrupo, complemento de destino...), as funcións e a duración.

6.10. En ningún caso o tribunal poderá declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas; calquera proposta que o contraveña será nula de pleno dereito.

A pesar do anterior e co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, cando se produzan renuncias, se incumplan os requisitos establecidos na convocatoria ou se dean outras circunstancias que o fagan necesario, o órgano convocante poderá requirir do tribunal unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, sempre que teñan superado o proceso selectivo.

## 7. Cualificación.

7.1. Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará público, nos lugares previstos na base 1.3, un acordo coa relación de aspirantes que os superasen,



con indicación da puntuación obtida e do nome; contra este acordo poderase presentar unha reclamación no prazo de tres días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

7.2. Rematada a fase de oposición, o tribunal publicará a listaxe coa valoración provisional da fase de concurso das persoas aspirantes que a superaran, detallada para cada unha das epígrafes que se relacionan no anexo I, contra a cal se poderá reclamar no prazo de tres días naturais, contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

7.3. Resoltas as reclamacións, a presidencia do tribunal elevaralle ao Reitorado a relación coas persoas que superaran o proceso selectivo, ordenadas conforme a puntuación final, indicando as puntuacións definitivas da fase de concurso e de cada un dos exercicios da oposición. O Reitorado ditará e publicará, nos lugares previstos na base 1.3, unha resolución con este mesmo contido que poña fin ao proceso selectivo.

7.4. A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas en ambas as fases. No suposto de empate, seguiranse por orde os seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición.
- b) Maior puntuación no segundo exercicio da fase de oposición e a continuación no primeiro.
- c) Maior antigüidade na Universidade de Vigo na escala, na subescala e/ou na categoría correspondente.
- d) Maior idade.
- e) Orde alfabética a partir da letra resultante do sorteo anual indicado na base 6.1.

7.5. No suposto de que algunha das persoas aspirantes que se tivesen presentado pola cota de reserva de persoas con discapacidade superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza e a súa puntuación for superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, esta será incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

7.6. As reclamacións e os recursos que se formulen presentaranse unicamente a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, e deben indicar o código e a subescala da praza, unicamente mediante o procedemento dispoñible na sede electrónica:



<https://sede.uvigo.gal/public/catalog/catalog-index.xhtml>, denominado SPAS-Reclamación convocatorias PTXAS, noutro caso non se admitirán a trámite.

7.7. Rematado o proceso selectivo, o tribunal valorará os méritos da fase de concurso e elaborará unha relación ordenada coas persoas aspirantes de acordo coa normativa de elaboración de listas de agarda da Universidade de Vigo. Esta lista utilizarase para atender exclusivamente as necesidades de persoal de carácter temporal que poidan xurdir.

8. Presentación de documentos e nomeamento de persoal funcionario de carreira.

8.1. Logo da publicación da resolución final, as persoas propostas disporán dun prazo de quince días hábiles para presentar a través da sede electrónica os seguintes documentos:

a) Copia do documento nacional de identidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten as condicións alegadas, conforme a base 2.

b) Copia do título académico ou da certificación académica de acordo co establecido na base 2.

c) Informe do servizo público de saúde acreditativo de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que imposibilite o desempeño das correspondentes funcións. Quen fixese valer a súa condición de persoa con discapacidade, deberá acreditar a súa compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

d) Declaración xurada ou promesa relativa ao establecido na base 2, utilizando o modelo que figura no anexo IV.

8.2. Quen teña a condición de persoal funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo en servizo activo doutra Administración, só deberá presentar os documentos indicados nas letras a) e b) do punto 1 anterior, sempre que presente certificación do organismo correspondente acreditativa de tal condición.

8.3. Quen dentro do prazo fixado, excepto os casos de forza maior libremente apreciados, non presentase a documentación ou do seu exame se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 2, non poderá ser nomeado/a persoal funcionario de carreira e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorra por falsidade na solicitude inicial.



8.4. Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos, procederáse ao nomeamento como persoal funcionario de carreira mediante unha resolución que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

#### 9. Norma final.

9.1. Coa súa participación na presente convocatoria, e cando así derive da natureza desta, as persoas interesadas autorizan a Universidade de Vigo para o tratamento e, de ser o caso, a publicación dos seus datos persoais, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, quedando excluídas do proceso selectivo de non facelo; agás nas situacións de vítimas de violencia de xénero previamente informadas á Unidade de Igualdade (igualdade@uvigo.es) e autorizadas pola Xerencia.

9.2. Os datos persoais recollidos coa solicitude de admisión serán tratados pola Universidade de Vigo consonte o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril (Regulamento xeral de protección de datos), así como no resto da normativa aplicable; trataranse coa finalidade de xestionar todo o conxunto do procedemento selectivo regulado na convocatoria e durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade exposta; e conservaranse durante o prazo necesario para poder dirimir eventuais responsabilidades.

9.3. O nome, os apelidos e o número de identificación (DNI) das persoas interesadas publicaranse respectando a pseudoanonimización exixida na Lei orgánica 3/2018 e segundo as directrices da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), como tamén, de ser o caso, outros datos persoais necesarios para a tramitación axeitada do conxunto do proceso selectivo.

9.4. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos relativos á protección dos seus datos persoais (acceso, rectificación, limitación, oposición, supresión e portabilidade) mediante solicitude dirixida ao reitor ou á persoa delegada de protección de datos (dpd@uvigo.gal) da Universidade de Vigo, sen prexuízo do seu dereito a presentar unha reclamación ante a AEPD.

9.5. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o mesmo órgano



que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolvido expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 22 de maio de 2026

Manuel Joaquín Reigosa Roger  
Reitor da Universidade de Vigo

### ANEXO I Relación de prazas

Código	Escala	Subescala	SG	PI	Acceso xeral	
					CX	D
26-1Alnst	Técnica superior de apoio á docencia e á investigación	Análise instrumental	A1		1	
26-1MElec	Técnica superior de apoio á docencia e á investigación	Microscopía electrónica	A1		2	1
26-1Xenom	Técnica superior de apoio á docencia e á investigación	Xenómica	A1		1	
26-1EmEmp	Técnica superior de servizos xerais	Emprego e emprendemento	A1		1	
26-1Rlabo	Técnica superior de servizos xerais	Riscos laborais	A1	1		
26-1TSTIC	Técnica superior de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	A1	1	1	
26-2AAero	Técnica media de apoio á docencia e á investigación	Actividades aeroespaciais	A2		1	
26-2TMTIC	Técnica media de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	A2	2	2	
26-3Alnst	Técnica especialista de apoio á docencia e á investigación	Análise instrumental	C1	1	2	
26-4Depor	Auxiliar técnica de servizos xerais	Deportes	C2		1	

SG: subgrupo de titulación.

PI: promoción interna.

CX: cota xeral.

D: cota reservada a persoas con discapacidade.

### ANEXO II Estrutura das probas selectivas

Aspectos comúns:

– Na fase de oposición teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que estivesen publicadas no correspondente boletín ou diario oficial, ata o primeiro día do mes anterior a aquel en que teña lugar o exercicio de que se trate,



aínda que a súa entrada en vigor estiver diferida. As normas expresas que figuran no anexo III que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan no momento da súa derogación parcial ou total, con data límite do primeiro día do mes anterior a aquel en que teña lugar o correspondente exercicio.

– Na fase de concurso, o cómputo dos meses realizarase por días naturais (30 días) e, para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos períodos computables, dividirase o resultado entre trinta (30) e multiplicarase o coeficiente, desprezando os decimais, pola puntuación que se sinala en cada epígrafe.

#### Subgrupo A1:

I. Fase de oposición. Valorarase cun máximo de 70 puntos e estará formada polos seguintes exercicios obrigatorios e eliminatorios:

- Primeiro: de carácter teórico e escrito. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 180 preguntas tipo test correspondentes ao temario específico, máis 9 preguntas de reserva, que substituirán as preguntas que poidan anularse, na orde en que figuren. Cada pregunta constará de 4 respostas alternativas das cales só 1 delas será correcta; cada resposta incorrecta descontará o 25 % do valor da resposta correcta.

Terá unha duración máxima de 210 minutos. Cualificarase cun máximo de 30 puntos, e será necesario obter 15 puntos para superalo.

- Segundo: de carácter teórico-práctico e escrito. Consistirá en resolver un suposto teórico-práctico que versará sobre o temario específico, a elixir de entre dous propostos polo tribunal. Deberá ser lido polas persoas aspirantes en sesión pública ante o tribunal, que valorará a capacidade para aplicar os coñecementos ás situacións prácticas que se expoñan no suposto, o rigor analítico, a sistemática, a claridade e a orde de ideas, coa finalidade de elaborar unha proposta razoada para resolver o suposto. O tribunal poderá realizar preguntas durante un tempo máximo de quince minutos.

Estará redactado sen utilizar abreviaturas nin signos que dificulten a lectura e a comprensión. Terá unha duración máxima de 120 minutos. Cualificarase cun máximo de 30 puntos, e será necesario obter 15 puntos para superalo.

- Terceiro: constará de dúas partes:

1ª. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 100 preguntas tipo test correspondentes ao temario común, máis 6 preguntas de reserva, que substituirán as preguntas que poidan anularse, na orde en que figuren. Cada pregunta constará de 4 respostas al-



ternativas das cales só 1 delas será correcta. O exercicio terá unha duración máxima de 120 minutos. Cualificarase cun máximo de 10 puntos, e será necesario obter 5 puntos para superalo.

2ª. Coñecementos de lingua galega. Cualificarase como apto ou non apto, e será necesario para superala obter o resultado de apto. Estarán exentas de realizalo as persoas que o teñan acreditado na forma e nos prazos indicados na base 6.8. Disporán de 60 minutos e desenvolverase en dúas probas:

– Primeira: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos.

– Segunda: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos.

II. Fase de concurso: valorarase cun máximo de 30 puntos.

1. Experiencia: valorarase cun máximo de 24 puntos.

a) Servizos prestados na Universidade de Vigo coa condición de PTXAS na escala e subescala a que se opte ou na categoría profesional equivalente; inclúese o desempeño mediante atribución reitoral de funcións doutra categoría. Consideraranse categoría profesional equivalente as que se relacionan no anexo II do Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, incluídas as extinguidas por transformación. Valorarase a razón de 0,16 puntos por mes completo traballado.

b) Servizos noutras administracións públicas prestados como persoal funcionario ou mediante contrato de persoal laboral, exercendo funcións similares ou equivalentes ás do posto a que se opte. Valorarase a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.

Na praza 26-1Rlabo (riscos laborais) só se computarán os servizos prestados na especialidade de seguridade no traballo.

2. Formación: valorarase cun máximo de 6 puntos, a razón de 0,01 puntos/hora por curso. Unicamente se cualificará a formación directamente relacionada co temario específico, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores ao exixido pola convocatoria ou afíns; neste último caso, para seren valorados requirirase ter acreditado o programa académico e a duración das materias.



Tamén terán a consideración anterior os cursos sobre galego, igualdade, protección de datos e prevención de riscos laborais. De acreditar máis dun nivel de coñecemento, valorarase unicamente o curso de superior nivel. No caso dos cursos de galego, só se valorarán os de nivel superior ao exixido na convocatoria, así como os cursos medio e superior de linguaxe administrativa.

#### Subgrupo A2:

I. Fase de oposición. Valorarase cun máximo de 70 puntos e estará formada polos seguintes exercicios obrigatorios e eliminatorios:

- Primeiro: de carácter teórico e escrito. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 100 preguntas tipo test correspondentes ao temario específico, máis 6 preguntas de reserva, que substituirán ás preguntas que poidan anularse, na orde na que figuren. Cada pregunta constará de 4 respostas alternativas das cales só 1 delas será correcta; cada resposta incorrecta descontará o 25 % do valor da resposta correcta.

Terá unha duración máxima de 120 minutos. Cualificarase cun máximo de 30 puntos, e será necesario obter 15 puntos para superalo.

- Segundo: de carácter teórico-práctico e escrito. Consistirá en resolver un suposto teórico-práctico que versará sobre o temario específico, a elixir de entre dous propostos polo tribunal. Deberá ser lido polas persoas aspirantes en sesión pública perante o tribunal, que valorará a capacidade para aplicar os coñecementos ás situacións prácticas que se expoñan no suposto, o rigor analítico, a sistemática, a claridade e orde de ideas, coa finalidade de elaborar unha proposta razoada para a resolver o suposto. O tribunal poderá realizar preguntas durante un tempo máximo de quince minutos.

Estará redactado sen utilizar abreviaturas nin signos que dificulten a lectura e a comprensión. Terá unha duración máxima de 90 minutos. Cualificarase cun máximo de 30 puntos, e será necesario obter 15 puntos para superalo.

- Terceiro: constará de dúas partes:

1ª. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 60 preguntas tipo test correspondentes ao temario común, máis 4 preguntas de reserva, que substituirán ás preguntas que poidan anularse, na orde na que figuren. Cada pregunta constará de 4 respostas alternativas das cales só 1 delas será correcta.

O exercicio terá unha duración máxima de 70 minutos. Cualificarase cun máximo de 10 puntos, e será necesario obter 5 puntos para superalo.



2ª. Coñecementos de lingua galega. Cualificarase como apto ou non apto, e será necesario para superala obter o resultado de apto. Estarán exentas de realizalo as persoas que o teñan acreditado na forma e prazos indicados na base 6.8. Disporán de 60 minutos e desenvolverase en dúas probas:

– Primeira: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos.

– Segunda: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos.

II. Fase de concurso: valorarase cun máximo 30 puntos.

1. Experiencia: valorarase cun máximo de 24 puntos.

a) Servizos prestados na Universidade de Vigo coa condición de PTXAS na escala e na subescala á que se opte ou na categoría profesional equivalente; inclúese o desempeño mediante atribución reitoral de funcións doutra categoría. Consideraranse categoría profesional equivalente as que se relacionan no anexo II do Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, incluídas as extinguidas por transformación. Valorarase a razón de 0,16 puntos por mes completo traballado.

b) Servizos noutras administracións públicas prestados como persoal funcionario ou mediante contrato de persoal laboral, exercendo funcións similares ou equivalentes ás do posto ao que se opte. Valorarase a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.

2. Formación: valorarase cun máximo de 6 puntos, a razón de 0,01 puntos/hora por curso. Unicamente se cualificará a formación directamente relacionada co temario específico, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores aos exixidos pola convocatoria ou afíns; neste último caso, para seren valorados requirirase ter acreditado o programa académico e a duración das materias.

Tamén terán a consideración anterior os cursos sobre galego, igualdade, protección de datos e prevención de riscos laborais. De acreditar máis dun nivel de coñecemento, valorarase unicamente o curso de superior nivel. No caso dos cursos de galego, só se valorarán os de nivel superior ao exixido na convocatoria, así como os cursos medio e superior de linguaxe administrativa.



**Subgrupo C1:**

I. Fase de oposición. Valorarase cun máximo de 70 puntos e estará formada polos seguintes exercicios obrigatorios e eliminatorios:

- Primeiro: de carácter teórico e escrito. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 120 preguntas tipo test, máis 7 preguntas de reserva, que substituirán ás preguntas que poidan anularse, na orde na que figuren. Cada pregunta constará de 4 respostas alternativas das cales só 1 delas será correcta; cada resposta incorrecta descontará o 25 % do valor da resposta correcta. O 65 % das preguntas versarán sobre o temario específico e o 35 % sobre o temario común.

Terá unha duración máxima de 150 minutos. Cualificarase cun máximo de 30 puntos, e será necesario obter 15 puntos para superalo.

- Segundo: de carácter práctico e escrito. Consistirá en realizar probas prácticas e/ou en resolver 3 supostos prácticos que versarán sobre o temario específico. Terá unha duración máxima de 100 minutos. Cualificarase cun máximo de 40 puntos, e será necesario obter 20 puntos para superalo.

- Terceiro: coñecementos de lingua galega. Cualificarase como apto ou non apto, e será necesario para superala obter o resultado de apto. Estarán exentas de realizalo as persoas que o teñan acreditado na forma e prazos indicados na base 6.8. Disporán de 60 minutos e desenvolverase en dúas probas:

- Primeira: consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos.

- Segunda: consistirá na tradución dun texto de galego a castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos.

II. Fase de concurso: puntuación máxima de 30 puntos.

1. Experiencia: valorarase cun máximo de 24 puntos.

a) Servizos prestados na Universidade de Vigo coa condición de PTXAS na escala e subescala a que se opte ou na categoría profesional equivalente; inclúese o desempeño mediante atribución reitoral de funcións doutra categoría. Consideraranse categoría profesional equivalente as que se relacionan no anexo II do Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, incluídas as extinguidas por transformación. Valorarase a razón de 0,16 puntos por mes completo traballado.



b) Servizos noutras administracións públicas prestados como persoal funcionario ou mediante contrato de persoal laboral, exercendo funcións similares ou equivalentes ás do posto ao que se opte. Valorarase a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.

2. Formación: valorarase cun máximo de 6 puntos, a razón de 0,01 puntos/hora por curso. Unicamente se cualificará a formación directamente relacionada co temario específico, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores aos exixidos pola convocatoria ou afíns; neste último caso, para seren valorados requirirase ter acreditado o programa académico e a duración das materias.

Tamén terán a consideración anterior os cursos sobre galego, igualdade, protección de datos e prevención de riscos laborais. De acreditar máis dun nivel de coñecemento, valorarase unicamente o curso de superior nivel. No caso dos cursos de galego, só se valorarán os de nivel superior ao exixido na convocatoria, así como os cursos medio e superior de linguaxe administrativa.

Subgrupo C2:

II. Fase de oposición. Valorarase cun máximo de 70 puntos e estará formada polos seguintes exercicios obrigatorios e eliminatorios:

- Primeiro: de carácter teórico e escrito. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 100 preguntas tipo test, máis 6 preguntas de reserva, que substituirán ás preguntas que poidan anularse, na orde na que figuren. Cada pregunta constará de 4 respostas alternativas das cales só 1 delas será correcta; cada resposta incorrecta descontará o 25 % do valor da resposta correcta. O 65 % das preguntas versarán sobre o temario específico e o 35 % sobre o temario común.

Terá unha duración máxima de 150 minutos. Cualificarase cun máximo de 40 puntos e será necesario obter 20 puntos para superalo.

- Segundo: de carácter teórico-práctico e escrito. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 40 preguntas tipo test, máis 3 preguntas de reserva, que substituirán ás preguntas que poidan anularse, na orde na que figuren. Cada pregunta constará de 4 respostas alternativas das cales só 1 delas será correcta; cada resposta incorrecta descontará o 25 % do valor da resposta correcta.

Terá unha duración máxima de 50 minutos. Cualificarase cun máximo de 30 puntos e será necesario obter 15 puntos para superalo.



• Terceiro: coñecementos de lingua galega. Cualificarase como apto ou non apto, e será necesario para superala obter o resultado de apto. Estarán exentas de realizalo as persoas que o teñan acreditado na forma e prazos indicados na base 6.8. Disporán de 60 minutos e desenvolverase en dúas probas:

– Primeira: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos.

– Segunda: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos.

II. Fase de concurso: puntuación máxima de 30 puntos.

1. Experiencia: valorarase cun máximo de 24 puntos.

a) Servizos prestados na Universidade de Vigo coa condición de PTXAS na escala e na subescala a que se opte ou na categoría profesional equivalente; inclúese o desempeño mediante atribución reitoral de funcións doutra categoría. Consideraranse categoría profesional equivalente as que se relacionan no anexo II do Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, incluídas as extinguidas por transformación. Valorarase a razón de 0,16 puntos por mes completo traballado.

b) Servizos noutras administracións públicas prestados como persoal funcionario ou mediante contrato de persoal laboral, exercendo funcións similares ou equivalentes ás do posto ao que se opte. Valorarase a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.

2. Formación: valorarase cun máximo de 6 puntos, a razón de 0,01 puntos/hora por curso. Unicamente se cualificará a formación directamente relacionada co temario específico, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores aos exixidos pola convocatoria ou afíns; neste último caso, para seren valorados requirirase ter acreditado o programa académico e a duración das materias.

Tamén terán a consideración anterior os cursos sobre galego, igualdade, protección de datos e prevención de riscos laborais. De acreditar máis dun nivel de coñecemento, valorarase unicamente o curso de superior nivel. No caso dos cursos de galego, só se valorarán os de nivel superior ao exixido na convocatoria, así como os cursos medio e superior de linguaxe administrativa.



**ANEXO III****Temarios****I. Temario común.****Subgrupo A1.**

1. A Constitución española. Título preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Garantía e suspensión. O Poder legislativo: as Cortes Xerais. O Poder executivo: Goberno e Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. O Poder xudicial.

2. A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia. O Poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración de xustiza en Galicia.

3. A Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia. Carácter, elección, nomeamento e cesamento. Deber de colaboración.

4. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Obxecto da lei e ámbito subxectivo de aplicación. Os interesados no procedemento. A actividade das administracións públicas. Os actos administrativos. Disposicións sobre o procedemento administrativo común. A revisión dos actos en vía administrativa.

5. A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación. Persoal investigador ao servizo das universidades públicas, dos organismos públicos de investigación e dos organismos de investigación doutras administracións públicas.

6. A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Ámbito de aplicación. Réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Do exercicio da potestade regulamentaria por parte da Administración e do Goberno de Galicia.

7. A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Disposicións xerais. Configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos.

8. A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Orzamentos xerais do Estado.



9. O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Principios xerais. Contido da Facenda da Comunidade. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Contido e aprobación.

10. O Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

11. O Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

12. A Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

13. A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

14. A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Disposicións xerais. Dereito á igualdade entre mulleres e homes. Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico. Igualdade de mulleres e homes no emprego e nas relacións laborais. As condicións de emprego en igualdade na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico.

15. A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema universitario. Funcións do Sistema universitario e autonomía das universidades. Organización de ensinos. Investigación e transferencia e intercambio do coñecemento e innovación. Cooperación, coordinación e participación no sistema universitario. Dereito de acceso aos estudos universitarios. Gobernanza das universidades públicas. Réxime económico e financeiro das universidades públicas. Persoal docente e investigador das universidades públicas. Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos das universidades públicas.

16. A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia. Obxectivos e fins do sistema universitario de Galicia. Estrutura das universidades. Deseño da estrutura das universidades. A comunidade universitaria. Os consellos sociais das universidades públicas.

17. O Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

18. A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e de oposición.



19. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Obxecto e principios reitores da lei. Transparencia da actividade pública.

20. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Servizos de prevención. Consulta e participación dos traballadores.

#### Subgrupo A2.

1. A Constitución española de 1978. Título preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. A súa garantía e suspensión. O Poder legislativo: as Cortes Xerais. O Poder executivo: Goberno e Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. O Poder xudicial.

2. A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia. O Poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración de xustiza en Galicia.

3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Obxecto da lei e ámbito subxectivo de aplicación. Os interesados no procedemento. A actividade das administracións públicas. Os actos administrativos. Disposicións sobre o procedemento administrativo común. A revisión dos actos en vía administrativa.

4. A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Disposicións xerais. Configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos.

5. O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Principios xerais. Contido da Facenda da Comunidade. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma: contido e aprobación.

6. O Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

7. A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación. Persoal investigador ao servizo das universidades públicas, dos organismos públicos de investigación e dos organismos de investigación doutras administracións públicas.

8. A Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

9. A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.



10. A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Dereito á igualdade entre mulleres e homes: igualdade de trato entre mulleres e homes. Boa fe ocupacional. Acoso por razón de sexo e acoso sexual. Discriminación por maternidade e por paternidade. Discriminación polo exercicio dos dereitos de conciliación. Definición do uso non sexista da linguaxe. Erradicación do sexismo na linguaxe institucional. As condicións de emprego en igualdade na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico: criterios de actuación no emprego público. O acceso e a promoción no emprego público galego. Medidas de conciliación e coresponsabilidade. Medidas de prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.

11. A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario. Funcións do sistema universitario e autonomía das universidades. Organización de ensinos. Investigación e transferencia e intercambio do coñecemento e innovación. Cooperación, coordinación e participación no sistema universitario. Dereito de acceso aos estudos universitarios. Gobernanza das universidades públicas. Réxime económico e financeiro das universidades públicas. Persoal docente e investigador das universidades públicas. Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos das universidades públicas.

12. A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. Obxectivos e fins do Sistema universitario de Galicia. Estrutura das universidades. Deseño da estrutura das universidades. A comunidade universitaria. Os consellos sociais das universidades públicas.

13. O Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

14. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e de oposición.

15. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Servizos de prevención. Consulta e participación dos traballadores.

#### Subgrupo C1.

1. A Constitución española de 1978: título preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Suspensión de dereitos e liberdades. Xefatura do Estado e funcións. Composición e funcións das Cortes Xerais. Composición e funcións do Goberno. O Poder xudicial: o principio de unidade xurisdiccional. Orzamentos xerais do Estado: competencia na elaboración e aprobación, o principio de anualidade, o contido da Lei de orzamentos, data de presenta-



ción e prórroga dos orzamentos xerais do Estado, modificación e emenda dos orzamentos xerais do Estado. Principio de estabilidade orzamentaria, déficit estrutural e volume de débeda pública. Tribunal de Contas. Requisitos para acordar a iniciativa do proceso autonómico. Tribunal Constitucional: composición.

2. A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia. O Poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración de xustiza en Galicia. Réxime xurídico das competencias de Galicia.

3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os interesados no procedemento: capacidade de obrar, concepto de interesado, representación, rexistros electrónicos de apoderamentos. Actividade das administracións públicas: dereito e obriga de relacionarse electronicamente coas administracións públicas, obriga de resolver. Termos e prazos. Requisitos dos actos administrativos. A notificación dos actos administrativos.

4. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Selección dos empregados públicos: requisitos para o acceso ao emprego público, clases de sistemas selectivos, órganos de selección. Adquisición da relación de servizo: adquisición da condición de persoal funcionario de carreira e de funcionario interino. Perda da relación de servizo. Dereitos e deberes individuais dos empregados públicos. Procedementos ordinarios e extraordinarios de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario de carreira.

5. A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación. Persoal investigador ao servizo das universidades públicas, dos organismos públicos de investigación e dos organismos de investigación doutras administracións públicas.

6. A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. Obxectivos e fins do Sistema universitario de Galicia. O Consello Social: natureza e estrutura interna. A comunidade universitaria: principios xerais, a lingua, o/a comisionado/a universitario/a, representación en órganos colexiados. Persoal docente e investigador e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.

7. O Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo. Disposicións xerais. Estrutura, goberno e administración da universidade. Comunidade universitaria.



8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Servizos de prevención.

9. A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e de oposición.

10. A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Dereito á igualdade entre mulleres e homes: igualdade de trato entre mulleres e homes. Boa fe ocupacional. Acoso por razón de sexo e acoso sexual. Discriminación por maternidade e por paternidade. Discriminación polo exercicio dos dereitos de conciliación. Definición do uso non sexista da linguaxe. Erradicación do sexismo na linguaxe institucional. As condicións de emprego en igualdade na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico: criterios de actuación no emprego público. O acceso e a promoción no emprego público galego. Medidas de conciliación e coresponsabilidade. Medidas de prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.

#### Subgrupo C2.

1. A Constitución española de 1978: título preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Suspensión de dereitos e liberdades.

2. A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia. O Poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración de xustiza en Galicia.

3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo: sistemas de identificación dos interesados no procedemento e uso de medios de identificación e sinatura no procedemento administrativo. A actividade das administracións públicas: colaboración das persoas, responsabilidade da tramitación e emisión de documentos polas administracións públicas. Termos e prazos: obrigatoriedade e cómputo de prazos. Actos administrativos: produción e contido.

4. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Obxecto, principios e ámbito de aplicación. Clases de persoal: funcionario de carreira, funcionario interino, persoal laboral. Ordenación dos postos de traballo. Posto de traballo e relación de postos de traballo. Ordenación dos empregados públicos: corpos e escalas, grupos de clasificación dos corpos e escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade



Autónoma de Galicia. A oferta de emprego público. Selección dos empregados públicos: principios xerais, acceso ao emprego público das persoas con discapacidade, principios dos procesos selectivos, clases de sistemas selectivos, sistemas aplicables á selección do persoal funcionario de carreira e do persoal laboral fixo. Adquisición da condición de persoal funcionario de carreira e de persoal funcionario interino. Perda da relación de servizo. Disposicións xerais dos dereitos e deberes individuais dos empregados públicos.

5. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Obxecto e carácter da norma. Definicións de: prevención, risco laboral, danos derivados do traballo, risco laboral grave e inminente, procesos, actividades, operacións, equipos ou produtos potencialmente perigosos, equipo de traballo, condición de traballo, equipamento de protección individual. Dereitos e obrigas. Dereito á protección fronte aos riscos laborais. Principios da acción preventiva. Equipos de traballo e medios de protección. Formación dos traballadores. Medidas de emerxencia. Vixilancia da saúde. Protección de traballadores especialmente sensibles a determinados riscos. Protección da maternidade. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos.

6. A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. Obxectivos. Fins do sistema universitario. O Consello Social: natureza e estrutura interna. A comunidade universitaria: principios xerais, a lingua, o/a comisionado/a universitario/a, representación en órganos colexiados. Persoal docente e investigador e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.

7. O Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo. Disposicións xerais. Estrutura, goberno e administración da universidade. Comunidade universitaria.

8. A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Dereito á igualdade entre mulleres e homes: igualdade de trato entre mulleres e homes. Boa fe ocupacional. Acoso por razón de sexo e acoso sexual. Discriminación por maternidade e por paternidade. Discriminación polo exercicio dos dereitos de conciliación. Definición do uso non sexista da linguaxe. Erradicación do sexismo na linguaxe institucional. As condicións de emprego en igualdade na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico. Criterios de actuación no emprego público, no acceso e na promoción no emprego público galego. Medidas de conciliación e corresponsabilidade. Medidas de prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.



**II. Temarios específicos.****Código 26-1Ainst. Escala: técnica superior de apoio á docencia e á investigación. Subescala: análise instrumental. Subgrupo A1.****A. O proceso de análise.**

1. Clasificación dos métodos analíticos: métodos clásicos e métodos instrumentais.
2. Métodos clásicos de análises: métodos volumétricos e métodos gravimétricos. Fundamentos, tipos e aplicacións.
3. Xeneralidades sobre a química analítica instrumental: introdución. Tipos de métodos instrumentais. Clasificación das técnicas instrumentais.
4. Operacións de medida: sinal analítico. Definición de instrumento. Características básicas dos instrumentos.
5. Selección dun método analítico.
6. Calibración dos métodos instrumentais: curvas de calibración; método de adición estándar; método do patrón interno.
7. Validación de métodos analíticos. Métodos normalizados e non normalizados. Criterios para a selección de métodos.
8. Parámetros de calidade dun método analítico.
9. Rastrexabilidade e incerteza. Tipos de estándares e a súa rastrexabilidade.
- B. Aspectos prácticos da análise química. Operacións básicas.**
10. Material e equipamento de uso xeral no laboratorio de análise química.
11. Manipulación de ácidos, bases e disolventes orgánicos e inorgánicos máis comúns.
12. Preparación de disolucións e reactivos. Medidas de concentración. Relacións estequiométricas.
13. Disolución e mineralización: métodos e instrumentación.



14. Métodos de separación, extracción e purificación de mostras.

15. Etiquetaxe e clasificación de produtos químicos en función do seu risco. Regulamento CLP.

C. Análise espectroquímico.

16. Introducción aos métodos espectroquímicos. Propiedades da radiación electromagnética. Absorción da radiación. Emisión de radiación electromagnética.

17. Espectrometría óptica. Compoñentes dos equipamentos e instrumentos. Fotómetros e espectrofotómetros.

18. Espectrometría de absorción molecular.

19. Espectrometría de fluorescencia molecular.

20. Espectrometría atómica. Compoñentes. Configuracións e parámetros de funcionamento. Vantaxes e inconvenientes das distintas técnicas segundo os requirimentos da análise. Instrumentación. Aplicacións.

21. Espectrometría de absorción atómica. Atomización en chama. Atomización electro-térmica. Fluorescencia atómica. Xeración de hidruros. Vapor frío.

22. Espectrometría de emisión atómica. Compoñentes. Diferentes tipos de plasma.

23. Espectrometría de emisión atómica. Atomización en chama.

24. Espectrometría de emisión atómica. Atomización en plasma de axuste indutivo.

25. Espectrometría de emisión atómica con plasma de microondas.

26. Espectrometría atómica de masas empregando dispositivos baseados en plasmas analíticos.

27. Análise isotópica mediante plasma de axuste indutivo. Selección de isótopos e relacións isotópicas.

28. Fluorescencia de RX.



D. Separacións analíticas.

29. Separacións cromatográficas. Fundamentos.

30. Conceptos básicos de cromatografía. Retención e ensanche, selectividade, modos de separación, cuantificación. Teoría xeral da cromatografía.

31. Clasificación das técnicas cromatográficas.

32. Cromatografía de líquidos. Instrumentación. Bombas, inxectores, conducións, columnas e precolumnas, detectores, sistemas de reacción postcolumna e sistemas de gradiente.

33. Cromatografía iónica. Teoría xeral. Detectores. Aplicacións.

34. Cromatografía de gases. Instrumentación. Columnas e fases estacionarias para cromatografía de gases. Detectores. Aplicacións.

35. Estratexias de inxección de pequenos e grandes volumes. Diagnóstico de problemas asociados á inxección.

36. Selección do tipo e dimensións da columna cromatográfica. Temperatura de traballo. Avaliación e diagnóstico de problemas asociados á columna.

37. Acoplamento cromatografía de gases con espectrometría de masas. Aplicacións.

38. Acoplamento cromatografía de líquidos con espectrometría de masas.

E. Técnicas de caracterización estrutural e identificación.

39. Espectroscopía de absorción molecular UV-visible: instrumentación, fundamentos e aplicacións.

40. Espectroscopía infravermella: instrumentación, fundamentos e aplicacións.

41. Espectroscopía Raman: instrumentación, fundamentos e aplicacións.

42. Métodos térmicos: fundamentos de termogravimetría. Calorimetría diferencial de varrido. Instrumentación. Proxección analítica.

43. Difracción de raios X: instrumentación, fundamentos e aplicacións.



44. Espectrometría de masas: fundamentos.

45. Compoñentes dun espectrómetro de masas e as súas funcións.

46. Aplicacións da espectrometría de masas.

F. Análise elemental de C, H, N, O e S.

47. Fundamentos da técnica.

48. Determinación de C, H, N, O e S. Métodos de combustión e pirólise.

49. Compoñentes dun analizador elemental e as súas funcións.

50. Aplicacións.

G. Análise isotópica de C, H, N, O e S.

51. Determinación de relacións isotópicas de C, N, H, O e S en gases e en vapor de auga.

52. Aspectos fundamentais dos isótopos estables e fraccionamento isotópico. Correccións e control de calidade na análise de isótopos estables.

53. Calibración.

54. Instrumentación: detectores e periféricos. Aplicacións.

55. Espectroscopía CRDS (*Cavity Ring Down Spectroscopy*) para a análise de relacións de isótopos estables. Fundamentos e tipos de analizadores. Análise de  $d^{18}O$  e  $d^{13}C$ . Compoñentes e optimización. Estándares e normalización. Vantaxes e limitacións desta técnica fronte á espectrometría de masas de relacións isotópicas.

H. Protección radiolóxica e técnicas radioquímicas.

56. Magnitudes e unidades radiolóxicas. Magnitudes asociadas á natureza da radiación, á interacción coa materia e o efecto biolóxico.

57. Radionucleidos de uso frecuente na investigación biolóxica.

58. Detección e medida da radiación ionizante: fundamentos, tipos de detectores e contadores.



59. Dosimetría da radiación externa e interna. Criterios xerais e medidas básicas de protección radiolóxica.

60. Protección radiolóxica operacional en instalacións con fontes non encapsuladas. Normas de manipulación de fontes radioactivas non encapsuladas. Proceso de recepción, almacenamento e transporte. Xestión de residuos radioactivos. Contaminación e descontaminación radioactiva.

61. Lexislación española sobre instalacións radioactivas e organismos competentes relacionados coa protección radiolóxica. Aspectos legais e administrativos específicos das instalacións radioactivas de fontes non encapsuladas.

I. Calidade nos laboratorios de análise química.

62. Métodos de certificación e acreditación de laboratorios de ensaio.

63. Conceptos básicos do sistema de xestión de calidade para a certificación dun laboratorio segundo a Norma UNE-EN-ISO 9001.

64. Aspectos técnicos para a implantación de sistemas de calidade. Retroalimentación do sistema de calidade: queixas, accións correctivas, auditorías. Procesos e accións de mellora. Auditorías.

65. A xestión documental nun laboratorio de análise. Manual de calidade. Procedementos. Rexistros, rastrexabilidade e cadea de custodia. Informes de resultados e aseguramento da súa calidade.

J. Seguridade e hixiene.

66. Instalacións xerais en laboratorios de análises. Instalacións e manipulación de gases a presión. Sistemas de extracción de gases. Sistemas de arrefriado por recirculación de auga. Instalacións e manipulación de líquidos crioxénicos.

67. O Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

68. A prevención de riscos laborais na Universidade de Vigo. Condicións xerais de instalación, seguridade e mantemento. Equipamentos de protección individual. Recoñecemento e uso correcto do material de laboratorio. Manexo de substancias tóxicas e perigosas. Etiquetaxe e follas de seguridade de substancias químicas. Sinalización de seguridade. Emerxencias.



**K. Transversais.**

69. A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Títulos preliminar, I e II.

70. O Regulamento do CACTI (publicado o 28.9.2023).

**Código: 26-1MElec. Escala: técnica superior de apoio á docencia e á investigación. Subescala: microscopía electrónica. Subgrupo A1.**

**A. Microscopía óptica.**

1. Fundamentos da microscopía óptica. Compoñentes dun microscopio óptico e características dos obxectivos. Apertura numérica, resolución, profundidade de campo e profundidade de foco.

2. Tipos de microscopios ópticos. Microscopios verticais e investidos. Microscopios de contraste de fases e de interferencia diferencial.

3. Microscopía de fluorescencia. Natureza da fluorescencia. Absorción e emisión da luz. Estados excitados. Parámetros da fluorescencia.

4. Tipos e compoñentes dos microscopios de fluorescencia. Fluoróforos. Factores que inflúen sobre os fluoróforos.

5. Aplicacións da microscopía de fluorescencia.

6. Fundamentos da microscopía confocal.

7. O microscopio confocal. Compoñentes e tipos de microscopios confocais. Láseres. Sistemas ópticos. Detectores.

8. Fluoróforos usados en microscopía láser confocal. Características. Fotodestrución. Axentes protectores da fluorescencia. Marcaxes.

9. Aplicacións do microscopio láser confocal en bioloxía. Adquisición de imaxes de fluorescencia confocal. Marcaxes múltiples e estudos de colocalización.

10. Aplicacións do microscopio láser confocal na reconstrución de volumes de mostras biolóxicas. Técnicas FRET e FRAP.



11. Fundamentos da microscopía confocal para mostras de materiais. Aplicacións: medidas en Z, medidas de rugosidade, determinación de volumes e topografías.

B. Microscopía electrónica xeral.

12. Fundamentos da microscopía electrónica. Tipos de microscopios electrónicos e as súas características principais. Interacción feixe de electróns-materia: tipos de sinais e interpretación. Volume de interacción.

13. Sistemas sen carga nos microscopios electrónicos. Tipos de bombas e funcións, compoñentes do sistema sen carga, medidores e unidades sen carga.

14. Canóns de electróns e lentes electromagnéticas: tipos e características.

15. Características e comparativa de compoñentes dos microscopios termoiónicos e de emisión de campo.

16. Operacións básicas nun microscopio: aliñacións, saturación e mantemento.

17. Magnificación en microscopía electrónica: cálculos, calibracións e rangos característicos.

18. Requisitos e condicións óptimas de instalación dun laboratorio de microscopía electrónica.

19. Condicións xerais de instalación e mantemento dos diferentes tipos de microscopios electrónicos, ópticos e confocais.

C. Microscopía electrónica de varrido (SEM).

20. Fundamentos da técnica de microscopía electrónica de varrido (SEM). Diferentes tipos de SEM.

21. O microscopio electrónico de varrido. Compoñentes da columna dun SEM. Canón de electróns. Lentes e óptica electrónica. Aperturas. Sistemas correctores do astigmatismo. Dispositivos de fixación e movemento da mostra.

22. Formación da imaxe no microscopio electrónico de varrido. Magnificación. Resolución da imaxe no SEM. Profundidade de campo e profundidade de foco.



23. Volume de interacción e sinais. Emisión de electróns. Emisión de raios X. Catodoluminiscencia e outros tipos de sinais.

24. Tipos de contraste na imaxe de electróns en SEM. Electróns secundarios e electróns retrodispersados. Detectores de electróns secundarios (SE). Detector de electróns retrodispersados (BSE). Outros detectores de sinais.

25. Tipos de imaxes nun microscopio electrónico de varrido. Rexistro das imaxes. Imaxe dixital, monitores e cámaras.

26. Fundamentos e aplicacións da microscopía electrónica de varrido de alta resolución e SEM-FEG.

27. Técnicas analíticas no microscopio electrónico de varrido. Fundamentos da espectroscopia de raios X por dispersión de enerxías (EDS), e por dispersión de lonxitude de onda (WDS).

28. A microanálise de raios X por dispersión de enerxía (EDS): tipos de detectores, compoñentes, modos de funcionamento e procesamento dos sinais. Vantaxes e limitacións das microanálises EDS en SEM. Fundamentos e aplicacións da análise cualitativa e cuantitativa por EDS. Efecto matriz. Influencia da xeometría. Corrección ZAF. Uso de patróns en EDS cuantitativo.

29. Mapas composiciónais, cuantitativos e de fases, mediante EDS en SEM. Imaxe hiperespectral.

30. Preparación xeral de mostras biolóxicas para o microscopio electrónico de varrido.

31. Preparación de mostras biolóxicas para a observación no SEM mediante fixación e deshidratación. Procesamento de mostras por punto crítico. Procesamento a baixas temperaturas. Criopreparación. Obtención do material.

32. Preparación xeral de mostras de materiais para o microscopio electrónico de varrido.

33. Preparacións metalográficas e aplicacións no SEM. Inclusións metalográficas. Sistemas de pulimento e aplicacións.

34. Preparación de mostras non condutoras para a observación no SEM. Tipos de portamostras. Adhesivos. Recubrimentos condutores: métodos, tipos e dispositivos.



35. Microscopios electrónicos de varrido ambientais e de presión variable. Microscopía electrónica de varrido a diferentes temperaturas de traballo. Crio-SEM. Ensaio dinámicos e mecánicos.

36. Microscopía correlativa. Preparación de mostras para o seu estudo con máis dunha técnica microscópica. Aplicacións e limitacións.

37. Outras técnicas asociadas á microscopía electrónica de varrido. Catodoluminiscencia en SEM, fundamentos e aplicacións. Difracción de electróns retrodispersados (EBSD) e axuste con EDS.

D. Microscopía electrónica de transmisión (TEM).

38. Fundamento das técnicas de microscopía electrónica de transmisión (TEM) e microscopía electrónica de transmisión de varrido (STEM).

39. O microscopio electrónico de transmisión (TEM) e de transmisión de varrido (STEM): óptica electrónica e funcións dos seus compoñentes. Canons de electróns. Sistema de lentes. Portamostras. Aperturas. Sistemas de obtención e rexistro da imaxe.

40. Formación da imaxe no microscopio electrónico de transmisión (TEM) e de transmisión de varrido (STEM): fundamentos teóricos da obtención da imaxe e a súa resolución. Magnificación. Interpretación das imaxes.

41. Interacción do feixe de electróns coa mostra en TEM e STEM. Sinais. Electróns transmitidos, electróns absorbidos e outros sinais.

42. Obtención de imaxes en TEM e STEM: cámaras, detectores e métodos. Tipos de imaxes. Contraste. Campo claro e campo escuro.

43. Técnicas de ultra alta resolución: UHR-TEM e UHR-STEM.

44. Aliñación, axustes e calibracións en TEM e STEM.

45. Espectrometría de raios X en TEM e STEM. Detectores. Modos de traballo e funcionamento. Procesamento dos sinais. A microanálise de raios X de enerxía dispersiva (EDS). Aplicacións e limitacións. Imaxe composicional e imaxe hiperespectral en TEM e STEM.

46. Espectroscopía por perda de enerxía de electróns (EELS). Fundamentos, modos de funcionamento, espectrómetros e interpretación de resultados.



47. Difracción de electróns e técnicas de feixe converxente (CBD): fundamentos teóricos e formación do diagrama de difracción. Tipos de diagramas de difracción.

48. Preparación xeral de mostras para a microanálise por TEM e STEM de mostras biolóxicas e de materiais.

49. Fundamentos da preparación de mostras para TEM e STEM. Reixas, soportes e material de laboratorio necesario.

50. Preparación de mostras biolóxicas para a súa observación en TEM. Obtención do material. Técnicas de fixación. Postfixación. Deshidratación. Inclusión en resinas. Tipos de resinas. Ultramicrotomía. Tipos de ultramicrotomos. Coitelas para ultramicrotomía.

51. Preparación de reixas para TEM de mostras biolóxicas. Contrastado de material biolóxico en rexións. Tinguidura positiva. Tinguidura negativa. Criotécnicas. Criofixación. Criosustitución. Crioultramicrotomía. Criofractura.

52. Preparación de mostras de materiais para a súa observación en TEM. Sistemas de corte de precisión. Obtención de discos. Sistemas de pulimento e adelgazamento.

53. Operacións básicas de mantemento nun microscopio electrónico de transmisión. Aliñamento do canon. Substitución do filamento. Outras operacións rutineiras de mantemento.

54. Técnicas 3D por TEM e STEM. Reconstrución de volumes.

E. Focused Ion Beam.

55. Fundamentos da técnica de feixe de ións focalizados (FIB) e técnicas Dual-Beam (DB). O proceso de desbastamento.

56. Diferentes tipos de FIB: modos de funcionamento e funcións dos seus compoñentes. Aliñación, axustes e calibración do FIB.

57. Accesorios máis comúns do FIB: sistemas de inxección de gases, nanomanipuladores e detectores.

58. Formación e obtención de imaxes en FIB: fundamentos teóricos, interpretación, resolución e contraste.



59. Preparación de mostras para FIB. Métodos e sistemas de preparación de lamelas no FIB.

60. Técnicas 3D en SEM-FIB. Obtención de imaxes e reconstrución.

61. Aplicacións do FIB a mostras biolóxicas e de materiais.

F. Calidade nos laboratorios de microscopía electrónica.

62. Métodos de certificación e acreditación de laboratorios de ensaio.

63. Conceptos básicos do sistema de xestión de calidade para a certificación dun laboratorio segundo a Norma UNE-EN-ISO 9001.

64. Aspectos técnicos para a implantación de sistemas de calidade. Retroalimentación do sistema de calidade: queixas, accións correctivas, auditorías. Procesos e accións de mellora. Auditorías.

65. A xestión documental nun laboratorio. Manual de calidade. Procedementos. Rexistros, rastrexabilidade e cadea de custodia. Informes de resultados e aseguramento da súa calidade.

G. Seguridade e hixiene.

66. Instalacións xerais en laboratorios microscopía electrónica. Instalacións e manipulación de gases á presión. Sistemas de extracción de gases. Sistemas de arrefriamento por recirculación de auga. Instalacións e manipulación de líquidos crioxénicos.

67. Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

68. A prevención de riscos laborais na Universidade de Vigo. Condicións xerais de instalación, seguridade e mantemento. Equipamentos de protección individual. Recoñecemento e uso correcto do material de laboratorio. Manexo de substancias tóxicas e perigosas. Etiquetaxe e follas de seguridade de substancias químicas. Sinalización de seguridade. Emerxencias.

H. Transversal.

69. A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Títulos preliminar, I e II.



70. O Regulamento do CACTI (publicado o 28.9.2023).

**Código 26-1Xenom. Escala: técnica superior de apoio á docencia e á investigación. Subescala: xenómica. Subgrupo A1.**

1. Ácido desoxirribonucleico (ADN): estrutura e función.
2. Ácido ribonucleico (ARN): estrutura e función.
3. O xenoma procariota: estrutura e organización.
4. O xenoma eucariota: estrutura e organización
5. Purificación e separación de ácidos nucleicos (I). Extracción e purificación de ADN. Detección e cuantificación de ADN.
6. Purificación e separación de ácidos nucleicos (II). Extracción e purificación de ARN. Detección e cuantificación de ARN.
7. Métodos de cuantificación de ADN e ARN; espectrofotometría, fluorimetría, bioanali-zador (cálculo RIN).
8. Fundamentos da reacción en cadea da polimerasa. Reactivos, protocolo, mecanis-mos de amplificación.
9. Deseño de oligonucleótidos, cuantificación de mostras. Deseño experimental, controis.
10. Outros métodos de amplificación. Reacción en cadea da ligasa, amplificación isotér-mica, reactivos, protocolos, mecanismos de amplificación.
11. Variantes de PCR. PCR Touch Down, ensamblaxe mediante PCR, PCR Hot Start, aniñada, multiplex.
12. Metodoloxía da electroforese de ácidos nucleicos. Fundamentos e tipos de electro-forese.
13. Metodoloxía da PCR en tempo real (RT-PCR): procedemento experimental.
14. Deseño de cebadores e sondas. Uso de fluorocromos como referencia pasiva.



15. Detección de amplicones con colorantes específicos (SYBR Green) e sondas fluorescentes.
16. Metodoloxía para a detección de amplicones con sondas TaqMan: deseño de sondas *Minor groove-binder* (MGB) e con terminador (*quencher*) fluorescente.
17. Métodos de cuantificación por RT-PCR: cuantificación absoluta. Curva estándar e cálculo da concentración da mostra.
18. Análise de curvas de disociación (*melting curves*). Detección de dímeros de cebadores.
19. Métodos de cuantificación por RT-PCR: cuantificación relativa mediante valores de Ct.
20. Metodoloxía do estudo da expresión xénica por cálculo de Ct, incrementos de Ct e cuantificación relativa (RQ).
21. Metodoloxía da transcrición reversa nun paso ou en dous pasos.
22. Metodoloxía de RT-PCR múltiple (multiplex) usando sondas con marcaxes fluorescentes.
23. Outras aplicacións de RT-PCR (I): experimentos de xenotipado.
24. Outras aplicacións de RT-PCR (II): experimentos de presenza-ausencia.
25. Principios básicos da PCR dixital e aplicacións.
26. Principios básicos da secuenciación do ADN por Sanger.
27. Metodoloxía da secuenciación cíclica (reacción de secuenciación): a aparición de polimerasas termoestables e os dideoxinucleótidos trifosfato marcados fluorescentemente.
28. Secuenciación de produtos de PCR: métodos de purificación e cuantificación.
29. Contaminantes da PCR que afectan a reacción de secuenciación.
30. Secuenciación de plásmidos e outros vectores.
31. Secuenciación de ADN tratado con bisulfito: detección de rexións metiladas.



32. Métodos de purificación das reaccións de secuenciación: eliminación de terminadores fluorescentes non incorporados e sales.

33. Principios básicos da electroforese capilar na secuenciación: tipo de polímero, electroinxección, parámetros da electroforese e detección de fluorescencia.

34. Interpretación dos electroferogramas: nomenclatura para a asignación dos picos, problemas máis comúns no seu patrón.

35. Xenómica. Concepto de xenómica. Orixe dos proxectos Xenoma. Integración de mapas xenéticos, citoxenéticos e físicos.

36. Secuenciación de xenomas completos. Estratexias para a secuenciación e ensamblaxe de xenomas completos. Proxecto Xenoma Humano. Secuenciación de organismos modelo. Aplicacións de interese industrial, agroalimentario e ecolóxico da xenómica. Xenómica e saúde: xenómica traslacional e medicina personalizada.

37. Aplicacións da secuenciación de Sanger (I): secuenciación de novo, resecuenciación, epixenética.

38. Aplicacións da secuenciación de Sanger (II): análise e identificación microbiano, identificación de especies (COI, ITS, etc.).

39. Uso dos secuenciadores capilares para a análise de fragmentos: determinación do tamaño e do xenotipo.

40. Aplicacións da análise de fragmentos: estudo de microsatélites, xenotipado de SNP.

41. Aplicacións da análise de fragmentos: estudo de AFLP, cuantificación de fluorescencia relativa (RFQ), etc.

42. Secuenciación masiva de ADN ou de nova xeración (NGS). Metodoloxía xeral.

43. Métodos fluorimétricos para a avaliación da calidade e cantidade do ADN e ARN.

44. Métodos espectrofotométricos para a avaliación da calidade e cantidade do ADN e ARN.

45. Métodos para a avaliación da calidade e cantidade do ADN e ARN RT-PCR e bioanализador.



46. Secuenciación masiva de ADN: principios xerais para a preparación de librarías.
47. Métodos de fragmentación do ADN para NGS.
48. Metodoloxía de selección de fragmentos de ADN por tamaño: uso de bolas magnéticas.
49. Metodoloxía de selección de fragmentos de ADN por tamaño: sistemas baseados en xeles de agarosa.
50. Métodos de enriquecemento de rexións xenómicas: hibridación por sondas.
51. Métodos de enriquecemento de rexións xenómicas: PCR.
52. Secuenciación masiva de ARN: principios xerais para a preparación de librarías.
53. Secuenciación NGS de transcriptomas: enriquecemento de mRNA.
54. Secuenciación NGS de ARN de pequeno tamaño: miARN.
55. Secuenciación NGS de ARN de pequeno tamaño: siARN.
56. Secuenciación masiva de pirosecuenciación: principios xerais 454-Roche.
57. Secuenciación masiva por ligadura e detección de oligonucleótidos: principios xerais de SOLiD.
58. Secuenciación masiva por terminadores fluorescentes: principios xerais de Illumina.
59. Secuenciación masiva por semicondutores: principios xerais de Ion Torrent.
60. Secuenciación masiva en tempo real de molécula única: principios xerais de Pacific Bioscience e Oxford Nanopore.
61. Formatos máis habituais de datos NGS (FASTA, FASTQ, BAM, etc.).
62. Aplicacións da secuenciación masiva de ADN e ARN.
63. Métodos de certificación e acreditación de laboratorios de ensaio.



64. Conceptos básicos do sistema de xestión de calidade para a certificación dun laboratorio segundo a Norma UNE-EN-ISO 9001.

65. Aspectos técnicos para a implantación de sistemas de calidade: retroalimentación do sistema de calidade: queixas, accións correctivas, auditorías. Procesos e accións de mellora. Auditorías.

66. A xestión documental nun laboratorio. Manual de calidade. Procedementos. Rexistros, rastrexabilidade e cadea de custodia. Informes de resultados e aseguramento da súa calidade.

67. O Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballos contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

68. A prevención de riscos laborais na Universidade de Vigo. Condicións xerais de instalación, seguridade e mantemento. Equipamentos de protección individual. Recoñecemento e uso correcto del material de laboratorio. Manexo de substancias tóxicas e perigosas. Etiquetaxe e follas de seguridade de substancias químicas. Sinalización de seguridade. Emerxencias.

69. A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Títulos preliminar, I e II.

70. O Regulamento do CACTI (publicado o 28.9.2023).

**Código: 26-1EmEmp. Escala: técnica superior de servizos xerais. Subescala: emprego e emprendemento. Subgrupo A1.**

1. Marco normativo europeo en materia de seguridade e saúde no traballo: Acta única europea; aspectos correspondentes á seguridade e saúde no traballo. Directiva marco 89/391/ CEE, do 12 de xuño, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde dos traballadores no traballo.

2. A Organización Internacional do Traballo: misión, órganos de goberno. Convenio OIT 155 sobre seguridade e saúde dos traballadores. Institucións europeas en materia de seguridade e saúde no traballo: misión, obxectivos e funcións da Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo; misión, obxectivos e funcións da Fundación Europea para a Mellora da Calidade de Vida de Traballo. A Rede europea de promoción da saúde no traballo: inicio, visión, misión, obxectivos.



3. A prevención de riscos laborais en España: na Constitución, no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (I): capítulos I, II e III.

4. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, prevención de riscos laborais (II): capítulos IV a VII e disposición adicionais.

5. Actuacións en prevención de riscos laborais das administracións competentes en materia laboral da Administración xeral do Estado (AGE): ministerio con atribucións en materia de traballo, Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e Inspección de Traballo e Seguridade Social.

6. Actuacións en prevención de riscos laborais das administracións públicas competentes en materia laboral da Xunta de Galicia: consellería con atribucións en materia de traballo e Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Competencias en prevención de riscos laborais da autoridade sanitaria, mineira e industrial.

7. Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) (I): creación, natureza, réxime xurídico, sede e ámbito de actuación, obxecto, finalidades, organización e estrutura administrativa. Funcións, áreas técnicas e planificación de actuacións.

8. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (II): réxime de xestión administrativa e funcional, réxime de patrimonio e contratación, recursos económicos e financeiros, persoal ao servizo do Issga, escalas de seguridade e saúde laboral. Centros territoriais; laboratorio de referencia de hixiene analítica; a unidade de formación, divulgación e publicación; a Comisión para a Integración da Igualdade.

9. Actuación do persoal técnico habilitado das comunidades autónomas en materia de prevención de riscos laborais.

10. O Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST): creación, natureza xurídica, sede, ámbito de actuación, obxecto, finalidades, organización, estrutura e funcións.

11. A Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS): definición, estrutura territorial, dependencia orgánica e funcional en prevención de riscos laborais en Galicia, funcións e facultades en materia de seguridade e saúde no traballo.



12. Órganos de participación institucional: Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Comisión Consultiva Tripartita da ITSS de Galicia e Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

13. Marco estratéxico da Unión Europea en materia de seguridade e saúde no traballo. A Estratexia española de seguridade e saúde no traballo: antecedentes, obxectivos, marco temporal e axentes implicados.

14. Planificación estratéxica da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo: antecedentes, estrutura, obxectivos, marco temporal, axentes implicados no seu deseño e execución.

15. Formación que habilita para o exercicio das funcións de nivel básico, intermedio e superior en prevención de riscos laborais. A formación dos traballadores sobre os riscos específicos do posto de traballo. Formación dos recursos preventivos. Novas tendencias na formación en prevención de riscos laborais.

16. O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención: a avaliación dos riscos, o seu contido, procedemento e revisión. A planificación da actividade preventiva: necesidade e contido. Presenza dos recursos preventivos. A organización de recursos para as actividades preventivas e as súas diferentes modalidades. Procedemento de acreditación dos servizos de prevención.

17. Integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa: conceptos básicos; o sistema de prevención de riscos laborais: concepto e descrición, requisitos aplicables, sistemas normalizados segundo a Guía técnica para a integración da prevención de riscos laborais do INSST.

18. A auditoría do sistema de prevención: conceptos e obriga empresarial de someter o seu sistema de prevención a unha auditoría. Procedemento de exención de auditoría. Procedemento de autorización da actividade de auditoría dos sistemas de prevención das empresas.

19. Accidentes de traballo: definición legal, notificación e rexistro.

20. Enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo: definición legal, notificación e rexistro.

21. Sinistralidade laboral: obxecto das estatísticas, principais índices e parámetros. Análise da sinistralidade laboral en Galicia. Funcións e actuacións do Issga.



22. Investigación de danos para a saúde dos traballadores: obxectivos da investigación dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais. Actuacións do Issga.

23. A perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.

24. A disciplina de seguridade no traballo: aspectos característicos. Conceptos básicos en materia de seguridade no traballo: danos derivados do traballo e saúde laboral, concepto de risco laboral, protección e prevención, condicións de traballo en relación coa saúde e factores de risco. Estratexia de seguridade e saúde no traballo en Galicia: Horizonte 2027 (ESSTG27): principais obxectivos e liñas estratéxicas en seguridade no traballo. Funcións da área técnica de seguridade no traballo no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).

25. Obriga de notificación dos accidentes de traballo: modelos de notificación de accidentes, cobertura e tramitación electrónico. Funcións e actuacións do Issga na tramitación. Obriga de notificación das enfermidades profesionais: modelo de notificación de enfermidades, cobertura e tramitación electrónico.

26. Estatísticas de sinistralidade laboral: elaboración, tratamento e análise. Principais índices para o control estatístico. Evolución da sinistralidade laboral en Galicia por gravidade e sectores nos últimos 10 anos.

27. Custos dos accidentes de traballo: procedemento de avaliación e xestión integral dos accidentes.

28. Investigación de accidentes de traballo: concepto, obxectivos. Metodoloxía: a árbore de causas. Funcións e actuacións do Issga.

29. Coordinación de actividades empresariais: artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

30. O Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre sinalización de seguridade e saúde no traballo. Criterios para o emprego da sinalización, cores de seguridade e tipos de sinalización.

31. O Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo: condicións xerais de seguridade nos lugares de traballo; orde, limpeza e mantemento; iluminación dos locais; material e locais de primeiros auxilios.



32. Sistemas de protección colectiva: varandas, redes de seguridade, resgardos.

33. O Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipamentos de protección individual (EPI): definición de equipamento de protección individual, obrigas xerais do empresario, criterios para o emprego, condicións que deben reunir os equipos, elección dos equipamentos de protección individual, utilización e mantemento dos EPI, obrigas en materia de formación e información, obrigas dos traballadores.

34. Regulamento (UE) 2016/425 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo, relativo aos EPI e polo que se derroga a Directiva 89/686/CEE, do Consello: obxecto e ámbito de aplicación, definicións, obrigas de fabricantes, importadores e distribuidores, presunción e declaración UE de conformidade, regras e condicións de colocación da marcación CE, categorías de riscos e tipos de procedementos de avaliación da conformidade, documentación técnica dos EPI.

35. Risco eléctrico: efectos nocivos e lesións producidas pola electricidade. Factores que inflúen no efecto eléctrico: tensión, intensidade, frecuencia, impedancia do corpo humano, percorrido da corrente, capacidade de reacción. Actuación inmediata en caso de accidente eléctrico.

36. Tipos de contactos eléctricos. Protección contra contactos eléctricos e medidas de protección.

37. O Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico.

38. O Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción a obras sen proxecto: tipos, xestión preventiva exigible, xestión da seguridade e saúde en obras sen proxecto nun centro de traballo con distinta actividade. Designación dos coordinadores en materia de seguridade e saúde, o estudo e o Plan de seguridade e saúde, obrigas do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, obrigas dos contratistas, subcontratistas e traballadores autónomos, o libro de incidencias, a paralización dos traballos, presenza de recursos preventivos en obras de construción.

39. O Convenio colectivo xeral do sector da construción: disposicións mínimas de seguridade aplicables nas obras de construción.



40. A Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción: ámbito de aplicación, requisitos exixibles aos contratistas e subcontratistas, réxime da subcontratación, deber de vixilancia, libro de subcontratación.

41. O Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización dos equipos de traballo: obrigas xerais do empresario, comprobación dos equipos de traballo, formación e información, consulta e participación dos traballadores, disposicións mínimas aplicables aos equipos de traballo, disposicións mínimas relativas á utilización dos equipos de traballo.

42. O Real decreto 448/2020, do 10 de marzo, sobre caracterización e rexistro de maquinaria agrícola: caracterización da maquinaria, rexistros oficiais da maquinaria agrícola.

43. O Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca.

44. Máquinas: definición de máquina e de zona perigosa. Medidas de seguridade: análise de seguridade, estudo do perigo, selección das medidas de seguridade. Prevención intrínseca. Aplicación e deseño das medidas de protección.

45. O Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas: obxecto e ámbito de aplicación, comercialización e posta en servizo, avaliación da conformidade e marcación CE.

46. Riscos e medidas preventivas en máquinas do sector da madeira: tronzadora-ingle-tadora, serra de cinta, escuadradoras, cepilladora, tupí. Riscos e medidas preventivas en máquinas do sector do metal: cizalla de guillotina, pregadora de chapa, amoladoras angulares, fresadora e torno.

47. Riscos e medidas preventivas en equipos para elevar cargas: montacargas de obra, plataformas elevadoras, carretillas elevadoras automotoras, aparellos e cabrias. Riscos e medidas nos elementos auxiliares: cables e estrobos.

48. O risco de incendio (I): tetraedro do lume, cadea do incendio, medidas de prevención de incendios, métodos de extinción, clasificación dos lumes en función da natureza do combustible, sistemas automáticos de detección.

49. O risco de incendio (II). Medios de protección contra incendios: utilización de extintores portátiles e bocas de incendio equipadas; iluminación de emerxencia. O Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incen-



dios: obrigas das empresas instaladoras, obrigas das empresas mantedoras, instalación, posta en servizo e mantemento das instalacións de protección, programas de mantemento dos sistemas de protección activa e persoal encargado das diferentes operacións a realizar.

50. Explosións: conceptos de atmosfera explosiva e potencialmente explosiva. Clasificación e características das áreas en que poden formarse atmosferas explosivas. Medidas para evitar, limitar ou controlar a atmosfera explosiva. Aparellos e sistemas de protección para uso en atmosferas potencialmente explosivas: definicións, clasificación dos aparellos en grupos e categorías, criterios para a elección dos aparellos e sistemas de protección, marcación dos aparellos.

51. Espazos confinados: concepto, tipos e motivos de acceso. Riscos en espazos confinados e medidas de prevención da exposición a atmosferas perigosas. Técnicas de control: avaliación da atmosfera, ventilación, illamento do espazo, control de entradas.

52. Protección da maternidade: Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención. Esquema de actuación na empresa para traballadoras embarazadas ou en período de lactación natural. Actuacións do Issga en materia de protección da maternidade.

53. O Real decreto 488/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao traballo con equipos que inclúen pantallas de visualización.

54. O Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

55. O Real decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído.

56. O Real decreto 1029/2022, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes. Especial mención á radiación natural: radon.

57. O Real decreto 299/2016, do 22 de xullo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a campos electromagnéticos. Real decreto 486/2010, do 23 de abril, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a radiacións ópticas artificiais.



58. O Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo. Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

59. O Real decreto 665/1997, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos, mutáxenos ou reprotóxicos durante o traballo.

60. O Plan de prevención de riscos laborais na Universidade de Vigo (I): contido xeral, alcance e política de prevención de riscos laborais. Obxectivos e metas. Organización da prevención de riscos laborais e planificación. Competencia, formación e toma de conciencia. Comunicación, participación e consulta.

61. O Plan de prevención de riscos laborais na Universidade de Vigo (II): documentación e control dos documentos. Control operacional. Vixilancia da saúde. Protección de traballadores/as especialmente sensibles a determinados riscos e protección da maternidade. Protección ante conflitos interpersoais e acoso laboral. Preparación e resposta ante emerxencias. Verificación. Revisión do sistema.

**Código: 26-1RLabo. Escala: técnica superior de servizos xerais. Subescala: riscos laborais. Subgrupo A1.**

1. Marco normativo Europeo en materia de seguridade e saúde no traballo: Acta única europea; aspectos correspondentes á seguridade e saúde no traballo. Directiva Marco 89/391/ CEE, do 12 de xuño, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde dos traballadores no traballo.

2. A Organización Internacional do Traballo: misión, órganos de goberno. Convenio OIT 155 sobre seguridade e saúde dos traballadores. Institucións europeas en materia de seguridade e saúde no traballo: misión, obxectivos e funcións da Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo; misión, obxectivos e funcións da Fundación Europea para a Mellora da Calidade de Vida de Traballo. A Rede Europea de Promoción da Saúde no Traballo: inicio, visión, misión, obxectivos.

3. A prevención de riscos laborais en España: na Constitución española, no Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (I): exposición de motivos e estrutura.



4. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (II): obxecto, ámbito de aplicación, definicións e obxectivos da política.

5. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (III): o dereito dos traballadores á protección fronte aos riscos laborais e os principios de acción preventiva. Técnicas preventivas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicología aplicada e medicina do traballo.

6. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (IV): Plan de prevención de riscos laborais, avaliación de riscos e planificación da acción preventiva, equipos de traballo e medidas de protección, información, consulta e participación, formación dos traballadores, medidas de emerxencia, risco grave e inminente.

7. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (V): vixilancia da saúde, documentación, coordinación de actividades, protección dos traballadores especialmente sensibles a determinados riscos, protección da maternidade, protección de menores, relacións de traballo temporais, de duración determinada e de traballo temporal.

8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (VI): obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais. A prevención dos riscos laborais e o traballo autónomo. Responsabilidades e sancións administrativas: disposicións concretas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, e no texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social aprobada polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto. Responsabilidades na orde civil e penal.

9. Actuacións en prevención de riscos laborais das administracións competentes en materia laboral da Administración xeral do Estado (AGE): ministerio con atribucións en materia de traballo, Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e Inspección de Traballo e Seguridade Social.

10. Actuacións en prevención de riscos laborais das administracións públicas competentes en materia laboral da Xunta de Galicia: consellería con atribucións en materia de traballo e Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga). Competencias en prevención de riscos laborais da autoridade sanitaria, mineira e industrial.

11. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) (I): creación, natureza, réxime xurídico, sede e ámbito de actuación, obxecto, finalidades, organización e estrutura administrativa.



12. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) (II): funcións, áreas técnicas e planificación de actuacións.

13. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) (III): réxime de xestión administrativa e funcional, réxime de patrimonio e contratación, recursos económicos e financeiros, persoal ao servizo do Issga, escalas de seguridade e saúde laboral.

14. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) (IV): centros territoriais; laboratorio de referencia de hixiene analítica; a unidade de formación, divulgación e publicación; a Comisión para a Integración da Igualdade.

15. Actuación do persoal técnico habilitado das comunidades autónomas en materia de prevención de riscos laborais.

16. O Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST): creación, natureza xurídica, sede, ámbito de actuación, obxecto, finalidades, organización, estrutura e funcións.

17. A Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS): definición, estrutura territorial, dependencia orgánica e funcional en prevención de riscos laborais en Galicia, funcións e facultades en materia de seguridade e saúde no traballo.

18. Órganos de participación institucional: Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Comisión Consultiva Tripartita da ITSS de Galicia e Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

19. Marco estratéxico da Unión Europea en materia de seguridade e saúde no traballo. A Estratexia española de seguridade e saúde no traballo: antecedentes, obxectivos, marco temporal e axentes implicados.

20. Planificación estratéxica da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo: antecedentes, estrutura, obxectivos, marco temporal, axentes implicados no seu deseño e execución.

21. Formación que habilita para o exercicio das funcións de nivel básico, intermedio e superior en prevención de riscos laborais. A formación dos traballadores sobre os riscos específicos do posto de traballo. Formación dos recursos preventivos. Novas tendencias na formación en prevención de riscos laborais.

22. Consulta e participación dos traballadores: o deber de consulta do empresario. Os dereitos de participación e representación específica dos traballadores. Os delegados de prevención e o Comité de Seguridade e Saúde Laboral: competencias e facultades.



23. O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención: a avaliación dos riscos, o seu contido, procedemento e revisión. A planificación da actividade preventiva: necesidade e contido. Presenza dos recursos preventivos. A organización de recursos para as actividades preventivas e as súas diferentes modalidades. Procedemento de acreditación dos servizos de prevención.

24. Integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa: conceptos básicos; o sistema de prevención de riscos laborais: concepto e descrición, requisitos aplicables, sistemas normalizados segundo a Guía técnica para a integración da prevención de riscos laborais do INSST.

25. A auditoría do sistema de prevención: conceptos e obriga empresarial de someter o seu sistema de prevención a unha auditoría. Procedemento de exención de auditoría. Procedemento de autorización da actividade de auditoría dos sistemas de prevención das empresas.

26. Accidentes de traballo: definición legal, notificación e rexistro.

27. Enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo: definición legal, notificación e rexistro.

28. Sinistralidade laboral: obxecto das estatísticas, principais índices e parámetros. Análise da sinistralidade laboral en Galicia: funcións e actuacións do Issga.

29. Investigación de danos para a saúde dos traballadores: obxectivos da investigación dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais. Actuacións do Issga.

30. A perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.

31. A disciplina de seguridade no traballo: aspectos característicos. Conceptos básicos en materia de seguridade no traballo: danos derivados do traballo e saúde laboral, concepto de risco laboral, protección e prevención, condicións de traballo en relación coa saúde e factores de risco. Estratexia de seguridade e saúde no traballo en Galicia: Horizonte 2027 (ESSTG27): principais obxectivos e liñas estratéxicas en seguridade no traballo. Funcións da Área Técnica de Seguridade no Traballo no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).

32. Obriga de notificación dos accidentes de traballo: modelos de notificación de accidentes, cobertura e tramitación electrónica. Funcións e actuacións do Issga na tramitación.



Obriga de notificación das enfermidades profesionais: modelo de notificación de enfermidades, cobertura e tramitación electrónica.

33. Estatísticas de sinistralidade laboral: elaboración, tratamento e análise. Principais índices para o control estatístico. Evolución da sinistralidade laboral en Galicia por gravidade e sectores 2017-2021.

34. Custos dos accidentes de traballo: procedemento de avaliación e xestión integral dos accidentes.

35. Investigación de accidentes de traballo: concepto, obxectivos. Metodoloxía: a árbore de causas. Funcións e actuacións do Isga.

36. Coordinación de actividades empresariais: artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995 en materia de coordinación de actividades empresariais.

37. O Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre sinalización de seguridade e saúde no traballo: criterios para o emprego da sinalización, cores de seguridade e tipos de sinalización.

38. O Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo: condicións xerais de seguridade nos lugares de traballo; orde, limpeza e mantemento; iluminación dos locais; material e locais de primeiros auxilios.

39. Sistemas de protección colectiva: varandas, redes de seguridade, resgardos.

40. O Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipamentos de protección individual (EPI): definición de equipamento de protección individual, obrigas xerais do empresario, criterios para o emprego, condicións que deben reunir os equipamentos, elección dos equipamentos de protección individual, utilización e mantemento dos EPI, obrigas en materia de formación e información, obrigas dos traballadores.

41. Regulamento (UE) 2016/425 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo, relativo aos EPI e polo que se derroga a Directiva 89/686/CEE, do Consello: obxecto e ámbito de aplicación, definicións, obrigas de fabricantes, importadores e distribuidores, presunción e declaración UE de conformidade, regras e condicións de colocación da mar-



cación CE, categorías de riscos e tipos de procedementos de avaliación da conformidade, documentación técnica dos EPI.

42. Risco eléctrico: efectos nocivos e lesións producidas pola electricidade. Factores que inflúen no efecto eléctrico: tensión, intensidade, frecuencia, impedancia do corpo humano, percorrido da corrente, capacidade de reacción. Actuación inmediata en caso de accidente eléctrico.

43. Tipos de contactos eléctricos. Protección contra contactos eléctricos e medidas de protección.

44. O Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico: obxecto, ámbito de aplicación e definicións, instalacións eléctricas, técnicas e procedementos de traballo, traballos sen tensión, traballos en tensión, traballos en proximidade, traballos en empraamentos con risco de incendio ou explosión. Electricidade estática.

45. Disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo nas obras de construción: designación dos coordinadores en materia de seguridade e saúde, o estudo e o Plan de seguridade e saúde, obrigas do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, obrigas dos contratistas, subcontratistas e traballadores autónomos, o libro de incidencias, a paralización dos traballos, presenza de recursos preventivos en obras de construción.

46. VII Convenio colectivo xeral do sector da construción: disposicións mínimas de seguridade aplicables nas obras de construción.

47. Aplicación do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción a obras sen proxecto: tipos, xestión preventiva exigible, xestión da seguridade e saúde en obras sen proxecto nun centro de traballo con distinta actividade.

48. A Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción: ámbito de aplicación, requisitos exigibles aos contratistas e subcontratistas, réxime da subcontratación, deber de vixilancia, libro de subcontratación.

49. O Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización dos equipos de traballo: obrigas xerais do empresario, comprobación dos equipos de traballo, formación e información, consulta e participación dos traballadores, disposicións mínimas aplicables aos equipos de traballo, disposicións mínimas relativas á utilización dos equipos de traballo.



50. O Real decreto 448/2020, do 10 de marzo, sobre caracterización e rexistro de maquinaria agrícola: caracterización da maquinaria, rexistros oficiais da maquinaria agrícola.

51. O Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca.

52. Máquinas: definición de máquina e de zona perigosa. Medidas de seguridade en máquinas: análise de seguridade, estudo do perigo, selección das medidas de seguridade. Prevención intrínseca. Aplicación e deseño das medidas de protección.

53. O Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas: obxecto e ámbito de aplicación, comercialización e posta en servizo, avaliación da conformidade e marcación CE.

54. Riscos e medidas preventivas en máquinas do sector da madeira: tronzadora-bispeladora, serra de cinta, escuadradoras, cepilladora, tupí. Riscos e medidas preventivas en máquinas do sector do metal: cisalla de guillotina, pregadora de chapa, amoladoras angulares, fresadora e torno.

55. Riscos e medidas preventivas en equipos para elevar cargas: montacargas de obra, plataformas elevadoras, carretillas elevadoras automotoras, aparellos e cabrias. Riscos e medidas nos elementos auxiliares: cables e estrobos.

56. O risco de incendio (I): tetraedro do lume, cadea do incendio, medidas de prevención de incendios, métodos de extinción, clasificación dos lumes en función da natureza do combustible, sistemas automáticos de detección.

57. O risco de incendio (II). Medios de protección contra incendios: utilización de extintores portátiles e bocas de incendio equipadas; iluminación de emerxencia. O Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios: obrigas das empresas instaladoras, obrigas das empresas mantedoras, instalación, posta en servizo e mantemento das instalacións de protección, programas de mantemento dos sistemas de protección activa e persoal encargado das diferentes operacións a realizar.

58. Explosións: conceptos de atmosfera explosiva e potencialmente explosiva. Clasificación e características das áreas nas que poden formarse atmosferas explosivas. Medidas para evitar, limitar ou controlar a atmosfera explosiva. Aparellos e sistemas de protección para uso en atmosferas potencialmente explosivas: definicións, clasificación dos aparellos



en grupos e categorías, criterios para a elección dos aparellos e sistemas de protección, marcación dos aparellos.

59. Espazos confinados: concepto, tipos e motivos de acceso. Riscos en espazos confinados e medidas de prevención da exposición a atmosferas perigosas. Técnicas de control: avaliación da atmosfera, ventilación, illamento do espazo, control de entradas.

60. Protección da maternidade: aspectos recollidos na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención. Esquema de actuación na empresa para traballadoras embarazadas ou en período de lactación natural. Actuacións do Isga en materia de protección da maternidade.

61. O Real decreto 488/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao traballo con equipos que inclúen pantallas de visualización.

62. O Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

63. O Real decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído.

64. O Real decreto 1029/2022, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes. Especial mención á radiación natural: radon.

65. O Real decreto 299/2016, do 22 de xullo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a campos electromagnéticos. Real decreto 486/2010, do 23 de abril, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a radiacións ópticas artificiais.

66. O Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo. Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

67. O Real decreto 665/1997 sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos, mutáxenos ou reprotóxicos durante o traballo.



68. O Plan de prevención de riscos laborais na Universidade de Vigo (I): Contido xeral; alcance; política de prevención de riscos laborais, obxectivos e metas; organización.

69. O Plan de prevención de riscos laborais na Universidade de Vigo (II): planificación; competencia, formación e toma de conciencia; comunicación, participación e consulta; documentación e control dos documentos.

70. O Plan de prevención de riscos laborais na Universidade de Vigo (III): control operacional; vixilancia da saúde; protección de traballadores/as; protección ante conflitos interpersoais e acoso laboral; preparación e resposta ante emerxencias; verificación; revisión do sistema.

**Código 26-1TSTIC. Escala: técnica superior de tecnoloxías da información e as comunicacións. Subestacala: informática. Subgrupo A1.**

A. Organización e xestión.

1. Definición, estrutura e dimensionamento eficiente dos sistemas de información.

2. Organización e funcionamento dun centro de sistemas de información. Funcións de desenvolvemento, mantemento, sistemas, bases de datos, comunicacións, seguridade, calidade, microinformática e atención a usuarios.

3. Dirección e xestión de proxectos de tecnoloxías da información. Planificación estratéxica, xestión de recursos, seguimento de proxectos, toma de decisións.

4. Metodoloxías predictivas para a xestión de proxectos: PM2.

5. Metodoloxías áxiles para a xestión de proxectos: metodoloxías SCRUM, Kanban.

6. Planificación e control das TIC: xestión de servizos e infraestruturas TIC, xestión do valor das TIC. Xestión de incidencias. Bases conceptuais de ITIL e CoBIT.

7. A migración de aplicacións no marco de procesos de axuste dimensional e por obsolescencia técnica. Xestión da configuración e de versións. Xestión de contornas. Xestión de cambios en proxectos de desenvolvemento software.

8. Mantemento de sistemas. Mantemento predictivo, adaptativo e correctivo. Planificación e xestión do mantemento.



9. Xestión de cambios en proxectos de desenvolvemento de software. Xestión da configuración e de versións. Xestión de contornas.

10. A xestión da continuidade. Plans de continuidade e continxencia.

B. Infraestrutura tecnolóxica e sistemas de información.

11. Equipos departamentais e servidores. Medidas de seguridade para equipos departamentais e servidores.

12. Centros de proceso de datos: arquitectura, deseño, implantación e xestión.

13. Virtualización de sistemas e de centros de datos.

14. Dispositivos persoais e móbiles: conectividade, seguridade e xestión.

15. Cloud Computing: IaC, IaaS, PaaS, SaaS, nubes privadas, públicas e híbridas.

16. Sistemas de almacenamento. Virtualización da almacenamento.

17. Sistemas de información multiusuario. Virtualización de servidores.

18. Procesamento cooperativo e arquitectura cliente-servidor. Arquitectura SOA. Protocolos de comunicación.

19. Conceptos e fundamentos de sistemas operativos. Evolución e tendencias.

20. Sistemas operativos Unix-Linux: fundamentos, administración, instalación e xestión.

21. Sistemas operativos Microsoft Windows: fundamentos, administración, instalación e xestión.

22. Conceptos básicos doutros sistemas operativos: OS X, iOS, Android, z/OS. Sistemas operativos para dispositivos móbiles.

23. Os sistemas de xestión de bases de datos SGBD (Microsoft SQL Server, MariaDB, PostgreSQL). O modelo de referencia ANSI.

24. O modelo relacional. A linguaxe SQL. Normas e estándares para a interoperabilidade entre xestores de bases de datos relacionais.



25. Criptografía: cifrado simétrico, asimétrico e hash.

26. Identificación e sinatura electrónica (I): certificados dixitais; claves privadas, públicas e concertadas; formatos de sinatura electrónica; protocolos de directorio baseados en LDAP e X.500; outros servizos.

27. Identificación e sinatura electrónica (II): infraestrutura de clave pública (PKI); mecanismos de identificación e firma: *Smart Cards*, DNI electrónico, mecanismos biométricos.

28. Copias de seguridade. Copias non vulnerables. Sistemas ciberseguros.

C. Enxeñaría de software e desenvolvemento de sistemas.

29. Ciclo de vida dos sistemas de información. Modelos do ciclo de vida.

30. Planificación estratéxica de sistemas de información e comunicacións. O plan de sistemas de información.

31. Análise funcional de sistemas: casos de uso e metodoloxías áxiles.

32. Análise do dominio dos sistemas: modelado de dominio, modelo entidade relación e modelos de clases.

33. Análise dinámica de sistemas: modelado de procesos, modelado dinámico e BPMN (*Business Process Model and Notation*).

34. Análise de aspectos non funcionais: rendemento, seguridade, privacidade

35. Deseño arquitectónico de sistemas. Diagramas de despregamento.

36. Técnicas de deseño de software. Deseño por capas e patróns de deseño.

37. Prototipado e deseño de interfaces.

38. Arquitectura de desenvolvemento web. Desenvolvemento web front-end. Scripts de cliente. Frameworks. UX.

39. Arquitectura de desenvolvemento web. Desenvolvemento web en servidor, conexión a bases de datos e interconexión con sistemas e servizos. Servidores web (Apache e Nginx).



40. Contorna e linguaxe de desenvolvemento JAVA. Java EE/Jakarta EE. Spring e Hibernate.

41. Contorna e linguaxe de desenvolvemento PHP. Framework e compoñentes Symfony.

42. Software libre e de código aberto. Conceptos base.

43. Linguaxes, ferramentas e protocolos para a utilización de redes globais. HTTP, HTML, CSS, XML, SOAP. Navegadores web e compatibilidade con estándares.

44. O procesamento cooperativo e a arquitectura cliente-servidor. Arquitectura orientada a servizos SOA. Servizos web (SOAP, WSDL, UDDI, WS-Security, REST).

45. Ciencia de datos. Ciclo de vida dos procesos de modelado de datos (ETL, preprocesado, modelado, validación, Mlops).

46. Tecnoloxías e sistemas de explotación de datos: data lake, data warehouse, lakehouse, data fabric, data mesh, tecnoloxías para a protección da confidencialidade (PET). Bases de datos NoSQL.

47. Teleformación (e-learning): conceptos, ferramentas, sistemas de implantación e normalización.

48. Comercio electrónico. Mecanismos de pagamento. Xestión do negocio. Facturación electrónica. Pasarelas de pagamento.

49. Adaptación de aplicacións e contornas á normativa de protección de datos segundo os niveis de seguridade.

50. Características do blockchain, Smart contracts. O consorcio europeo EBP e a construción da infraestrutura EBSI.

51. Procesos de probas e garantía de calidade no desenvolvemento do software. Planificación, estratexia de probas e estándares. Niveis, técnicas e ferramentas de probas de software. Criterios de aceptación de software.

52. Modelos de integración continua e despregamento continuo.

53. Métricas e avaliación de calidade do software. Métricas e avaliación da calidade do software.



D. Redes, comunicacións e a internet.

54. Redes de telecomunicacións. Conceptos. Medios de transmisión. Conmutación de circuitos e paquetes. Protocolos de encamiñamento. Infraestruturas de acceso. Interconexión de redes. Calidade de servizo.

55. A internet e servizos básicos.

56. Sistemas de cableado e equipos de interconexión de redes.

57. O modelo de referencia de interconexión de sistemas abertos (OSI) de ISO: arquitectura, capas, interfaces, protocolos, direccionamento e encamiñamento.

58. Tecnoloxías de acceso: fibra (GPON, FTTH), móbiles (LTE), inalámbrica.

59. Redes de transporte: JDSxWDM, MPLS. Redes de agregación: ATM, Carrier Ethernet-VPLS (H-VPLS).

60. Redes sen fíos: o estándar IEEE 802.11. Características funcionais e técnicas. Sistemas de expansión do espectro. Sistemas de acceso. Autenticación. Modos de operación. Bluetooth. Seguridade, normativa reguladora.

61. Redes IP: arquitectura de redes, encamiñamento e calidade de servizo. Transición e convivencia IPv4-IPv6. Funcionalidades específicas de IPv6.

62. Redes de área local. Arquitectura. Tipoloxía. Medios de transmisión. Métodos de acceso. Dispositivos de interconexión. Xestión de dispositivos. Administración de redes LAN. Xestión de usuarios en redes locais. Monitorización e control de tráfico. Xestión SNMP. Configuración e xestión de redes virtuais (VLAN). Redes de área extensa.

63. As redes públicas de transmisión de datos. A rede SARA. A rede sTESTA. Planificación e xestión de redes.

64. O correo electrónico. Servizos de mensaxaría. Servizos de directorio.

65. A seguridade en redes. Tipos de ataques e ferramentas para a súa prevención: devasa, control de accesos e intrusionés, técnicas criptográficas, etc. Medidas específicas para as comunicacións móbiles.



66. A seguridade no nivel de aplicación. Tipos de ataques e protección de servizos web, bases de datos e interfaces de usuario.

67. Acceso remoto a sistemas corporativos. Xestión de identidades, single sign-on e teletraballo. SIR2 e Oauth2.

E. Seguridade, auditorías, interoperabilidade e accesibilidade.

68. Auditoría informática: conceptos e contidos.

69. A protección xurídica dos programas de computador. Os medios de comprobación da legalidade e control do software.

70. Accesibilidade e usabilidade: W3C, deseño universal e adaptativo.

71. Interoperabilidade de sistemas (I): Esquema nacional de interoperabilidade. Dimensións da interoperabilidade.

72. Interoperabilidade de sistemas (II): Normas técnicas de interoperabilidade. Interoperabilidade dos documentos e expedientes electrónicos e normas para o intercambio de datos entre AA.PP.

73. Infraestruturas e servizos comúns e compartidos para a interoperabilidade entre administracións públicas. Cl@ve, o Carpeta cidadá, o Sistema de Interconexión de Rexistro, a Plataforma de intermediación de datos e outros servizos de interoperabilidade.

74. Seguridade de sistemas (I): análise e xestión de riscos.

75. Seguridade de sistemas (II): Esquema nacional de seguridade.

F. Transversal.

76. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**Código 26-2AAero. Escala: técnica media de apoio á docencia e á investigación. Subescala: actividades aeroespaciais. Subgrupo A2.**

1. Termoelectricidade. Variables físicas. Efecto Peltier. Efecto Seebeck. Termopares. Electro fotoeléctrico. Efecto Nernst. Efecto piezoeléctrico.

2. Metroloxía. Resolución. Exactitude. Precisión. Incerteza. Deriva. Calibración.



3. Sensores de desprazamento. Localización e posición. Potenciómetros. Sensores capacitivos e indutivos. Relutancias. Sensores de nivel.

4. Sensores de posición e movemento. Sensores de efecto Hall. Encoders ópticos. Acelerómetros. Xiroskopios. Magnetómetros.

5. Medición de nivel. Nivel tubular. Medidor de nivel de flotador. Medidor por presión diferencial. Medidor capacitivo. Medidor por ultrasóns. Sistemas de medición radar.

6. Sensores de temperatura. Termómetros de bulbo. Termómetros bimetálicos. Termopares. Termómetros de resistencia. Termistores. Termometría de radiación.

7. Medición de presión. Sensores de presión. Tubo de Bourdon. Fol. Diafragma. Sensores capacitivos. Sensores de galgas extensiométricas.

8. Medición de fluxo. Placa orificio. Tubo Venturi. Tubo Pitot. Medidores de velocidade tipo turbina, vórtex, rotámetros e ultrasóns. Medidores máxicos de tipo térmico e Coriolis. Medidores volumétricos de tipo desprazamento positivo.

9. Acondicionamento de sinal. Conversión de impedancia a tensión. Amplificación e procesamento analóxico. Filtrado.

10. Convertedores A/D e D/a. Tipos, características e especificacións de convertedores A/D. Tipos, características e especificacións de convertedores D/A.

11. Control PID. Características. Compoñentes do controlador PID. Aplicacións comúns do Control PID.

12. Fundamentos de microcontroladores. Introducción aos microcontroladores. Composición do microcontrolador. Tipos de microcontroladores.

13. Válvulas. Partes e clasificación segundo o tipo de corpo. Actuadores.

14. Sistemas pneumáticos. Transmisión de potencia a través dunha tubaxe. Presión pneumática. Convertidores de presión. Multiplicador de presión. Pistóns e cilindros pneumáticos. Actuadores pneumáticos.

15. Instrumentación de procesos por computador. Protocolo de comunicación. Protocolo HART.



16. Clasificación e propiedades dos materiais. Tipos de materiais. Propiedades dos materiais.

17. Sólidos amorfos e cristalinos. Características dos sólidos amorfos. Características dos sólidos cristalinos. Redes cristalinas.

18. Comportamento a tracción e compresión. Tensións. Fundamentos de rotura. Tenacidade.

19. Dureza de materiais. Concepto de dureza dun material. Diferentes tipos de dureza do material. Como probar a dureza do material.

20. Materiais metálicos. Aliaxes férreas e non férreas. Diagramas binarios de equilibrio. Tratamentos térmicos.

21. Materiais plásticos. Termoplásticos, termoestables e elastómeros.

22. Materiais compostos: definición de material composite ou composto. Clasificación dos materiais compostos. Aplicacións e limitacións dos materiais compostos.

23. Ensaio de tracción e flexión. Tipos de ensaios. Características de probetas.

24. Introducción aos fluídos. Descrición dun fluído. Hipótese do continuo.

25. Propiedades dos fluídos. Densidade. Peso específico. Volume específico. Compresibilidade. Viscosidade e condutividade térmica.

26. Dinámica de fluídos perfectos. Ecuación de continuidade. Ecuación de Bernoulli. Efecto Venturi.

27. Fluxo de fluídos en tubaxes. Número de Reynolds. Fórmula de Poiseuille. Ecuación de Bernoulli xeneralizada.

28. Fluxo compresible. Velocidade dunha onda sonora. Número de Mach. Fluxo de gas isotermo. Fluxo de gas adiabático.

29. Atmosfera estándar internacional. Definición. Características.

30. Aerodinámica. Perfís aerodinámicos en réxime incompresible. Forzas aerodinámicas. Coeficientes de presión. Sustentación. Capa límite. Desprendemento da corrente. Resistencia aerodinámica. Perfís laminares.



31. Principios de propulsión. Clasificación xeral dos sistemas de propulsión.
32. Empuxe e balance enerxético. Selección do empuxe-peso. Ecuación da enerxía. Balance enerxético.
33. Propulsión por hélice. Xeometría dunha hélice. Tipos de hélices. Motor alternativo + hélice, tuboexio + hélice.
34. Propulsión por chorro. Aerorreactores, turborreactores, turbofanos, estatorreactores e motores foguetes.
35. Bancos de ensaio de motores e turbinas. Descrición de bancada. Sistema de adquisición de datos.
36. Principios de metroloxía dimensional. Patróns e cadea de rastrexabilidade. Calibración. Incerteza de medida. Concepto de tolerancia.
37. Instrumentos de medida. Máquinas de medición por coordenadas.
38. Conformación por arranque de material. Movementos no proceso de arranque de material. Elección de ferramentas. Materiais da ferramenta. Potencia e forzas de corte. Desgaste de ferramentas. Determinación da vida da ferramenta. Fluídos de corte.
39. Conformación de plásticos. Modelaxe por extrusión. Modelaxe por inxección. Modelaxe por compresión. Modelaxe por transferencia. Modelaxe rotacional.
40. Conformación de materiais compostos. Modelaxe por colocación manual. Procesamento en autoclave. Procesos de fabricación en molde pechado. Modelaxe por inxección. Procesos RTM (*Resin Transfer Moulding*).
41. Fabricación aditiva. Fotopolimerización. Extrusión de material. Fusión de leito de po.
42. Procesos de unión en base a soldadura. Soldadura de arco eléctrico. Soldadura por resistencia. Soldadura con oxíxeno e gas combustible. Soldadura con temperatura de fusión de metal de achega menor que a dos materiais para unir.
43. Procesos de unión sen soldadura. Unión mediante adhesivos. Condicións para o pegado. Tipos de adhesivos.



44. Morfoloxía dun robot. Estrutura mecánica dun robot. Transmisións e redutores. Sensores internos. Elementos terminais. Localización espacial.

45. Cinemática dun robot. Descrición analítica do movemento espacial dun robot en función do tempo. Resolución do problema cinemático directo. Resolución do problema cinemático inverso. Obtención da matriz jacobiana.

46. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

**Código 26-2TMTIC. Escala: técnica media de tecnoloxías da información e as comunicacións. Subescala: informática. Subgrupo A2.**

A. Tecnoloxía básica.

1. Tecnoloxías actuais de computadores: dos dispositivos móbiles aos supercomputadores e arquitecturas escalables e de altas prestacións. Computación na nube. Base tecnolóxica. Compoñentes, funcionalidades e capacidades.

2. Conceptos e fundamentos dos sistemas operativos. Características técnicas, funcionais e de administración: Windows, Linux, Unix e outros. Sistemas operativos para dispositivos móbiles.

3. Características técnicas das linguaxes e paradigmas actuais de programación.

4. Intelixencia de negocios: cadros de mando integral, sistemas de soporte ás decisións, sistemas de información executiva e almacéns de datos. OLTP e OLAP.

5. A arquitectura ANSI/SPARC. Sistemas de xestión de bases de datos relacionais. A linguaxe SQL. Normas e estándares para a interoperabilidade entre xestores de bases de datos relacionais.

6. Arquitectura de sistemas cliente-servidor, multicapas e multidispositivo: tipoloxía. Compoñentes. Interoperabilidade de compoñentes. Vantaxes e inconvenientes. Arquitectura de servizos web.

7. Modelo de desenvolvemento de aplicacións baseado en contedores e microservizos. Arquitectura e solucións. Despregamento, monitorización e escalaxe.

8. O modelo TCP/IP e o modelo de referencia de interconexión de sistemas abertos (OSI) de ISO: arquitectura, capas, interfaces, protocolos, direccionamento e encamiñamento.



9. Linguaxes de marca ou etiqueta. Características e funcionalidades. SGML, HTML, XML e as súas derivacións. Linguaxes de script.

10. Análise e xestión de riscos dos sistemas de información. Ferramentas.

11. Auditoría informática: obxectivos, alcance e metodoloxía. Técnicas e ferramentas. Normas e estándares. Auditoría do ENS e de protección de datos. Auditoría de seguridade física.

12. Xestión da atención a clientes e usuarios: centros de contacto, CRM. Arquitectura multicanal. Sistemas de resposta de voz interactiva (IVR). Voice XML.

13. Seguridade física e lóxica dun sistema de información. Ferramentas en ciberseguridade. Xestión de incidentes. Informática forense.

14. Software libre e software propietario. Características e tipos de licenzas. A protección xurídica dos programas de computador. Tecnoloxías de protección de dereitos dixitais.

15. Técnicas de avaliación de alternativas e análises de viabilidade. Planificación, orzamentación e control de custos dun proxecto informático.

16. Sistemas de xestión documental e de contidos. Sindicación de contido. Sistemas de xestión de fluxos de traballos. Procura de información: robots, spiders, outros. Posicionamento e buscadores (SEO). Ferramentas de traballo colaborativo e redes sociais.

B. Desenvolvemento de sistemas.

17. Planificación e control das TIC: xestión de servizos e infraestruturas TIC, xestión do valor das TIC. Acordos de nivel de servizo. Xestión de incidencias. Bases conceptuais de ITIL e CoBIT.

18. Concepto do ciclo de vida dos sistemas e fases. Modelos de ciclo de vida.

19. Xestión e planificación do proceso de desenvolvemento. Técnicas e prácticas de xestión e planificación de proxectos. Metodoloxías de desenvolvemento. Metodoloxías SCRUM e Kanban.

20. Estratexias de determinación de requirimentos: entrevistas, derivación de sistemas existentes, análises e prototipos. A especificación de requisitos de software.



21. Modelaxe de datos e metodoloxías. Deseño de bases de datos. O modelo lóxico relacional. Normalización. Deseño lóxico e físico. Problemas de concorrencia de acceso. Mecanismos de resolución de conflitos.

22. Tipos abstractos de datos e estruturas de datos. Organizacións de ficheiros. Estratexias de deseño de algoritmos. Tipos de algoritmos: ordenación e procura. Fundamentos de intelixencia artificial, tecnoloxías asociadas e áreas de aplicación.

23. Construción do sistema. Contornas de construción e xeración de código. Despregamento de aplicacións e integración continua. Dev-Ops. Estándares de documentación. Manuais de usuario e manuais técnicos. Formación de usuarios e persoal técnico: métodos e materiais.

24. Probas. Planificación e documentación. Utilización de datos de proba. Probas de software, hardware, procedementos e datos.

25. Instalación e cambio. Estratexias de substitución. Recepción e instalación. Avaliación post-implimentación. Mantemento.

26. Análise e deseño orientados a obxectos. Elementos. O proceso unificado de software. A linguaxe de modelaxe unificada (UML). Patróns de deseño.

27. A arquitectura Java EE/Jakarta EE. Características de funcionamento. Elementos constitutivos. Produtos e ferramentas. Persistencia. Seguridade.

28. Arquitectura LAMP. Modelo de programación. Servizos. Ferramentas. Persistencia. Seguridade.

29. Aplicacións web. Deseño web multiplataforma/multidispositivo. Desenvolvo web front-end e en servidor. Compoñentes de tecnoloxías de programación. Servizos web: estándares, protocolos asociados, interoperabilidade e seguridade. Internacionalización e localización.

30. A calidade do software e a súa medida. Modelos, métricas, normas e estándares.

C. Sistemas e comunicacións.

31. Administración do sistema operativo e software de base.

32. Administración de sistemas de xestión de bases de datos.



33. Mantemento de equipos e instalacións. Tipos de mantemento. Xestión de incidencias. Procedementos de backup e recuperación.

34. Xestión da configuración. Control de cambios e de versións. Técnicas e ferramentas de operación automática. Avaliación e monitorización do rendemento de sistemas, infraestruturas e servizos. Xestión da capacidade. Ferramentas e técnicas utilizables.

35. Almacenamento de datos: arquitectura, tipos, compoñentes, protocolos, xestión e administración. Virtualización do almacenamento.

36. Planificación física e dimensionamento dun centro de procesamento de datos. Virtualización e consolidación de servidores e recursos. Vulnerabilidades, risco e protección. Sistemas de alta dispoñibilidade e balanceo de carga. Recuperación ante desastres.

37. Medios de transmisión guiados e non guiados (sen fíos): tipos e parámetros significativos. Elementos de cablaxe estruturada.

38. Redes locais. Tipoloxía, protocolos e técnicas de transmisión. Métodos de acceso. Dispositivos de interconexión. Seguridade. Normativa reguladora.

39. Administración de redes locais. Xestión de usuarios e dispositivos. Monitorización e control de tráfico. Xestión SNMP.

40. Redes de área extensa. Tecnoloxías WDM e MPLS SD-WAN. Protocolos de encañamento.

41. Redes sen fíos. Protocolos. Características funcionais e técnicas. Sistemas de expansión do espectro. Sistemas de acceso. Modos de operación. Seguridade. Normativa reguladora.

42. A seguridade en redes. Seguridade perimetral. Control de accesos. Técnicas criptográficas e protocolos seguros. Mecanismos de sinatura dixital. Redes privadas virtuais. Seguridade no posto do usuario.

43. A rede internet: arquitectura de rede. Principios de funcionamento. Servizos: evolución, estado actual e perspectivas de futuro. Internet das Cousas (IoT).

44. Redes de nova xeración e servizos converxentes (NGN/IMS). VoIP, ToIP e comunicacións unificadas. Convergencia telefonía fixa-telefonía móbil.



45. Sistemas de comunicacións móbiles. Xeracións de tecnoloxías de telefonía móbil. Solucións de xestión de dispositivos móbiles (MDM, EMM, UEM).

46. Sistemas de videoconferencia. Protocolos. Dimensionamento e calidade de servizo nas comunicacións e acondicionamento de salas e equipos.

47. Accesibilidade, deseño universal e usabilidade. Accesibilidade e usabilidade das tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información. Experiencia de usuario ou UX. A Guía de comunicación dixital da Administración do Estado.

48. Minaría de datos. Aplicación á resolución de problemas de xestión. Tecnoloxía e algoritmos. Procesamento analítico en liña (OLAP). Big data. Contornas Hadoop ou similares. Bases de datos NoSQL.

D. Transversal.

49. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**Código 26-3AInst. Escala: técnica especialista de apoio á docencia e á investigación. Subescala: análise instrumental. Subgrupo C1.**

A. O proceso de análise.

1. Clasificación dos métodos analíticos: métodos clásicos e métodos instrumentais. Fundamentos, tipos e aplicacións.

2. Xeneralidades sobre química analítica instrumental: introdución. Tipos de métodos instrumentais. Calibración dos métodos instrumentais: curvas de calibración; método de adición estándar; método do patrón interno. Clasificación das técnicas instrumentais.

3. Validación de métodos analíticos. Métodos normalizados e non normalizados. Criterios para a selección de métodos.

4. Parámetros de calidade dun método analítico.

5. Rastrexabilidade e incerteza. Tipos de estándares e a súa rastrexabilidade.



B. Aspectos prácticos da análise química. Operacións básicas.

6. Material e equipamento de uso xeral no laboratorio de análise química.

7. Manipulación de ácidos, bases e disolventes orgánicos e inorgánicos máis comúns.

8. Preparación de disolucións e reactivos. Medidas de concentración. Relacións estequiométricas.

9. Disolución e mineralización: métodos e instrumentación.

10. Métodos de separación, extracción e purificación de mostras.

11. Etiquetaxe e clasificación de produtos químicos en función do seu risco. Regulamento CLP.

C. Análise espectroquímica.

12. Introducción aos métodos espectroquímicos. Propiedades da radiación electromagnética. Absorción da radiación. Emisión de radiación electromagnética.

13. Espectrometría atómica. Compoñentes. Instrumentación. Aplicacións.

14. Espectrometría de absorción atómica. Atomización en chama. Atomización electro-térmica. Fluorescencia atómica. Xeración de hidruros. Vapor frío.

15. Espectrometría de emisión atómica. Atomización en chama. Atomización en plasma de axuste indutivo.

D. Técnicas cromatográficas.

16. Fundamentos. Conceptos básicos de cromatografía. Teoría xeral da cromatografía.

17. Clasificación das técnicas cromatográficas.

18. Cromatografía de líquidos. Instrumentación. Detectores. Aplicacións.

19. Cromatografía iónica. Instrumentación. Detectores. Aplicacións.

20. Cromatografía de gases. Instrumentación. Detectores. Aplicacións.



E. Técnicas de caracterización estrutural e identificación.

21. Espectroscopía de absorción molecular UV-visible.

22. Espectroscopía infravermella.

23. Espectroscopía Raman.

24. Métodos térmicos: fundamentos de termogravimetría. Calorimetría diferencial de varrido. Instrumentación. Proxección analítica.

25. Difracción de raios X en po: instrumentación, fundamentos e aplicacións.

26. Espectrometría de masas: instrumentación, fundamentos e aplicacións.

F. Análise elemental C, H, N, O e S.

27. Determinación de C, H, N, O e S.

28. Métodos de combustión e pirólise.

29. Instrumentación.

30. Aplicacións.

G. Calidade nos laboratorios de análise química.

31. Métodos de certificación e acreditación de laboratorios de ensaio.

32. Conceptos básicos do sistema de xestión de calidade para a certificación dun laboratorio segundo a Norma UNE-EN-ISO 9001.

33. A xestión documental nun laboratorio de análise. Manual de calidade. Procedementos. Rexistros, rastrexabilidade e cadea de custodia. Informes de resultados e aseguramento da súa calidade.

H. Seguridade e hixiene.

34. Instalacións xerais en laboratorios de análises. Instalacións e manipulación de gases a presión. Sistemas de extracción de gases. Sistemas de arrefriado por recirculación de auga. Instalacións e manipulación de líquidos crioxénicos.



35. O Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

36. A prevención de riscos laborais na Universidade de Vigo. Condicións xerais de instalación, seguridade e mantemento. Equipamentos de protección individual. Recoñecemento e uso correcto do material de laboratorio. Manexo de substancias tóxicas e perigosas. Etiquetaxe e follas de seguridade de substancias químicas. Sinalización de seguridade. Emerxencias.

**Código: 26-4Depor. Escala: auxiliar técnica de servizos xerais. Subescala: deportes. Subgrupo C2.**

1. A Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte. A organización administrativa do deporte. Os actores do deporte. As entidades deportivas. Os comités Olímpico e Paraolímpico. A actividade deportiva.

2. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Funcións do deporte, principios reitores e principios xerais. Competencias das administracións públicas galegas en materia de deporte. Actividade deportiva e actividade física. Axentes da actividade deportiva. Investigación e formación do persoal técnico-deportivo. Instalacións deportivas.

3. A organización do deporte universitario en España. Distribución de competencias. O Comité Español de Deporte Universitario. Campionatos de España universitarios.

4. Coñecementos básicos dos principais deportes practicados nas instalacións deportivas da Universidade de Vigo: atletismo, bádminton, balonmán, baloncesto, baloncesto 3x3, fútbol, fútbol 7, fútbol sala, pickleball, rugby, tenis, tenis de mesa e voleibol.

5. Normas NIDE regulamentarias das instalacións deportivas da Universidade de Vigo. Equipamento da sala polivalente de fitness.

6. Coñecemento técnico-práctico de pequenas reparacións de fontanaría, carpintaría, electricidade, pintura e mantemento de pavimentos deportivos nas instalacións deportivas da Universidade de Vigo. Tipos de almacéns e uso de vestiarios.

7. Prevención e seguridade nas instalacións deportivas da Universidade de Vigo. Normativa de aplicación.

8. O Regulamento da Área de Benestar, Saúde e Deporte. Condicións de acceso ás instalacións e ás actividades deportivas da Universidade de Vigo.



9. Os programas deportivo-saudables da Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo: actividade nas instalacións propias, actividades no medio natural e actividades de promoción da saúde.

10. Competicións internas e campionatos galegos universitarios. Regulamentación.

11. Atención ao público. Estrutura e contidos da plataforma campusactivo.uvigo.gal

12. Lesións deportivas leves e primeiros auxilios. Actuación do primeiro interveniente. Resucitación cardiopulmonar básica (RCPB) e utilización de desfibriladores semiautomáticos (DESA).

#### ANEXO IV

#### **Declaración xurada/promesa**

..., con DNI/NIE/pasaporte ... e nacionalidade ...

DECLARA baixo xuramento ou promete, para os efectos de ser nomeado/a persoal funcionario de carreira pola Universidade de Vigo,

Cidadán/á español/a-Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha das administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para desempeñar empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional a que se pertencía.

Cidadán/á estranxeiro/a-Non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

..., ... de ..., de 202...

(Localidade) (día) (mes) (ano)

